



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 323
25 de maio de 2022

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

I 34926 (11/INT-001795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a sinistralidade laboral

[127221](#)

I 34933 (11/INT-001796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as políticas para a consecución da igualdade das persoas que afectan o colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

[127223](#)

I 34942 (11/INT-001797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a terminación da AG-31

[127228](#)

I 34960 (11/INT-001798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a posta en funcionamento do Banco de Explotacións

[127232](#)

I 35009 (11/INT-001799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre o actual modelo de residencias de maiores

[127235](#)

I 35041 (11/INT-001800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas familias monoparentais

[127239](#)

I 35049 (11/INT-001801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

[127241](#)



I 35097 (11/INT-001802)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a reversión de bens públicos privatizados á titularidade pública

[127245](#)**I 35117 (11/INT-001803)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

[127251](#)**I 35123 (11/INT-001804)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de elaboración dun plan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia

[127254](#)**I 35132 (11/INT-001805)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre o modelo turístico de Galicia

[127257](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 35169 (11/POP-005083)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**

Sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio

[127262](#)**Admisión a trámite e publicación****I 34919 (11/POP-005054)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acometer as reformas do centro de educación infantil e primaria Fontes-Baíña e do centro de educación primaria Sabarís, de Baiona

[127267](#)**I 34927 (11/POP-005055)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral

[127271](#)

I 34934 (11/POP-005056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á consecución da igualdade real do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

[127272](#)

I 34943 (11/POP-005057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a eliminación do punto de alto risco na OU-540 situado no concello de Vereá

[127275](#)

I 34951 (11/POP-005058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia

[127278](#)

I 34964 (11/POP-005059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e sobre a dotación do seu orzamento

[127282](#)

I 34967 (11/POP-005060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vicensa da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

[127285](#)

I 35010 (11/POP-005062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén

[127287](#)

I 35025 (11/POP-005064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que Vigo sexa a sede central do Instituto Nacional de Oceanografía

[127291](#)



I 35032 (11/POP-005065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para continuar coa redacción do Plan especial do porto de Cambados

[127293](#)

I 35033 (11/POP-005066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da petición do Concello de Cambados de desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria

[127295](#)

I 35037 (11/POP-005067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais

[127297](#)

I 35050 (11/POP-005068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

[127299](#)

I 35055 (11/POP-005069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

[127303](#)

I 35071 (11/POP-005070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a garantía da prestación do servizo de socorrismo e salvamento na totalidade dos espazos acuáticos no ano 2022

[127308](#)

I 35074 (11/POP-005071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o erro material que provocou a retirada do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

[127311](#)

I 35087 (11/POP-005072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto de levar a cabo as accións necesarias para facerse coa titularidade pública da illa da Creba

[127312](#)



I 35104 (11/POP-005073)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**Sobre a disposición dun médico en quenda de tarde no consultorio de Meicende (Arteixo) [127317](#)**I 35118 (11/POP-005074)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria [127319](#)**I 35124 (11/POP-005075)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre as actuacións para a elaboración dun plan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia [127322](#)**I 35133 (11/POP-005076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**Sobre a consideración da visita a Sanxenxo do rei emérito como reclamo turístico [127325](#)**1.4.4.2. Preguntas orais en comisión****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación****I 35007 (11/POC-006133)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 4 máis**Sobre a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén, e as denuncias ao respecto [127330](#)**I 35167 (11/POC-006156)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis**Sobre a situación da sanidade pública no Rosal, a dotación dunha ambulancia medicalizada e a cobertura das baixas e ausencias do persoal necesario no Baixo Miño [127334](#)**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación****I 34920 (11/POC-006117)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis**Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acometer as reformas do centro de educación infantil e primaria Fontes-Baíña e do centro de educación primaria Sabarís, de Baiona [127338](#)

I 34924 (11/POC-006118)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**

Sobre a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral

[127340](#)**I 34935 (11/POC-006119)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**

Sobre o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á consecución da igualdade real das persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bise-xuais e intersexuais

[127344](#)**I 34940 (11/POC-006120)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a eliminación do punto de alto risco na OU-540 situado no concello de Vereá

[127347](#)**I 34946 (11/POC-006121)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre o anunciado proxecto de fábrica de fibras téxtiles que se vai localizar no concello de Palas de Rei

[127351](#)**I 34949 (11/POC-006122)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 3 máis**

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia

[127354](#)**I 34952 (11/POC-006123)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a actividade da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

[127359](#)**I 34963 (11/POC-006124)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e sobre a dotación do seu orzamento

[127362](#)**I 34968 (11/POC-006125)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vicenzo da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

[127365](#)

I 34971 (11/POC-006126)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre o balance dos obradoiros duais de emprego desde o 2009 e as previsións da convocatoria 2022-2023

[127368](#)**I 34992 (11/POC-006127)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 3 máis**

Sobre os motivos polos que a cidade de Ourense non conta cunha unidade de ictus

[127371](#)**I 35000 (11/POC-006129)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o estado dos traballos de recheo nunha parcela no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo

[127373](#)**I 35017 (11/POC-006134)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

[127376](#)**I 35018 (11/POC-006135)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre o novo programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano

[127378](#)**I 35019 (11/POC-006136)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que Vigo sexa a sede central do Instituto Nacional de Oceanografía

[127380](#)**I 35023 (11/POC-006137)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

[127382](#)**I 35031 (11/POC-006138)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a redacción do Plan especial do porto de Cambados e a petición de desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria

[127384](#)

I 35036 (11/POC-006139)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

[127386](#)**I 35047 (11/POC-006140)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

[127388](#)**I 35053 (11/POC-006141)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

[127392](#)**I 35060 (11/POC-006142)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir a baixa do médico do Centro de Saúde de Oural

[127397](#)**I 35069 (11/POC-006143)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galicia

[127399](#)**I 35075 (11/POC-006144)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o erro material que provocou a retirada do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

[127403](#)**I 35081 (11/POC-006145)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre a titularidade da illa da Creba segundo os datos da Xunta de Galicia

[127404](#)**I 35083 (11/POC-006146)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as actividades hostaleiras e/ou turísticas que se veñen desenvolvendo na illa da Creba por parte de A Creba Private Island

[127408](#)**I 35085 (11/POC-006147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a afección que causaron as obras que se veñen levando a cabo nos últimos anos na illa da Creba nos recursos marisqueiros da zona

[127413](#)**I 35098 (11/POC-006148)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a titularidade e usos da illa da Creba en Esteiro, Muros

[127418](#)**I 35103 (11/POC-006149)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da recuperación do servizo de pediatría, a disposición de médico en quenda de tarde e o mantemento da apertura do consultorio de Meicende, en Arteixo

[127424](#)**I 35114 (11/POC-006150)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

[127426](#)**I 35121 (11/POC-006151)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás direfentes áreas sociolingüísticas de Galicia

[127430](#)**I 35126 (11/POC-006152)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o atraso da documentación de modificacións orzamentarias de decembro de 2021 e xaneiro, febreiro e abril de 2022

[127433](#)**I 35131 (11/POC-006153)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo 2021-2022

[127434](#)**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma**

I Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se designa senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo

[127217](#)

I Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se designa senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Miguel Ángel Tellado Filgueira

[127217](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se acepta a renuncia de don Miguel Ángel Tellado Filgueira como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia [127218](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se acepta a renuncia de don Alberto Núñez Feijóo como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Pontevedra na lista do Partido Popular de Galicia [127218](#)

2.2.3. Composición da Mesa do Parlamento

■ Elección de dona María Elena Candia López como vicepresidenta 1ª do Parlamento de Galicia [127219](#)

2.2.5. Composición das comisións

■ Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2022, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia, polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas comisións parlamentarias (doc. núm. 35157) [127219](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de maio de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 34926 (11/INT-001795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a sinistralidade laboral

- 34933 (11/INT-001796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as políticas para a consecución da igualdade das persoas que afectan o colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 34942 (11/INT-001797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a terminación da AG-31

- 34960 (11/INT-001798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a posta en funcionamento do Banco de Explotacións

- 35009 (11/INT-001799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre o actual modelo de residencias de maiores

- 35041 (11/INT-001800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas familias monoparentais

- 35049 (11/INT-001801)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

- 35097 (11/INT-001802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a reversión de bens públicos privatizados á titularidade pública

- 35117 (11/INT-001803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

- 35123 (11/INT-001804)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de elaboración dun plan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia

- 35132 (11/INT-001805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o modelo turístico de Galicia

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 35169 (11/POP-005083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as condicións do traslado dunha paciente do Rosal o pasado 20 de maio

Admisión a trámite e publicación

- 34919 (11/POP-005054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acometer as reformas do centro de educación infantil e primaria Fontes-Baíña e do centro de educación primaria Sabarís, de Baiona

- 34927 (11/POP-005055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral

- 34934 (11/POP-005056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á consecución da igualdade real do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 34943 (11/POP-005057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a eliminación do punto de alto risco na OU-540 situado no concello de Vereá

- 34951 (11/POP-005058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia

- 34964 (11/POP-005059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e sobre a dotación do seu orzamento

- 34967 (11/POP-005060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vincenzo da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

- 35010 (11/POP-005062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para impedir que se repita a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén

- 35025 (11/POP-005064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que Vigo sexa a sede central do Instituto Nacional de Oceanografía

- 35032 (11/POP-005065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para continuar coa redacción do Plan especial do porto de Cambados



- 35033 (11/POP-005066)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da petición do Concello de Cambados de desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria

- 35037 (11/POP-005067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais

- 35050 (11/POP-005068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

- 35055 (11/POP-005069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

- 35071 (11/POP-005070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a garantía da prestación do servizo de socorrismo e salvamento na totalidade dos espazos acuáticos no ano 2022

- 35074 (11/POP-005071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o erro material que provocou a retirada do proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

- 35087 (11/POP-005072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto de levar a cabo as accións necesarias para facerse coa titularidade pública da illa da Creba

- 35104 (11/POP-005073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a disposición dun médico en quenda de tarde no consultorio de Meicende (Arteixo)

- 35118 (11/POP-005074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

- 35124 (11/POP-005075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións para a elaboración dun plan transversal territorializado de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galicia

- 35133 (11/POP-005076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a consideración da visita a Sanxenxo do rei emérito como reclamo turístico

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 35007 (11/POC-006133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a situación en que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa, no concello de Pazos de Borbén, e as denuncias ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35167 (11/POC-006156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre a situación da sanidade pública no Rosal, a dotación dunha ambulancia medicalizada e a cobertura das baixas e ausencias do persoal necesario no Baixo Miño

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 34920 (11/POC-006117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acometer as reformas do centro de educación infantil e primaria Fontes-Baiña e do centro de educación primaria Sabarís, de Baiona

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 34924 (11/POC-006118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 34935 (11/POC-006119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o orzamento do ano 2022 para o desenvolvemento de actividades encamiñadas á consecución da igualdade real das persoas do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34940 (11/POC-006120)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a eliminación do punto de alto risco na OU-540 situado no concello de Vereá

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 34946 (11/POC-006121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre o anunciado proxecto de fábrica de fibras téxtiles que se vai localizar no concello de Palas de Rei

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 34949 (11/POC-006122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o estado do punto de encontro do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais en Xinzo de Limia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 34952 (11/POC-006123)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a actividade da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 34963 (11/POC-006124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e sobre a dotación do seu orzamento

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 34968 (11/POC-006125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a razón de que o servizo de transporte escolar do Centro Público Integrado San Vincenzo da Baña non funcionase o 16 de maio de 2022

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 34971 (11/POC-006126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre o balance dos obradoiros duais de emprego desde o 2009 e as previsións da convocatoria 2022-2023

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 34992 (11/POC-006127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre os motivos polos que a cidade de Ourense non conta cunha unidade de ictus

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35000 (11/POC-006129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o estado dos traballos de recheo nunha parcela no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35017 (11/POC-006134)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35018 (11/POC-006135)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o novo programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35019 (11/POC-006136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para que Vigo sexa a sede central do Instituto Nacional de Oceanografía

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35023 (11/POC-006137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre os resultados das posibles inspeccións da Xunta no centro Mi Casa, en Pazos de Borbén

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 35031 (11/POC-006138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a redacción do Plan especial do porto de Cambados e a petición de desafectación dos terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35036 (11/POC-006139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35047 (11/POC-006140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a precarización do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35053 (11/POC-006141)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a Ruta dos muíños e das idades da historia, no concello de Rodeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35060 (11/POC-006142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir a baixa do médico do Centro de Saúde de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35069 (11/POC-006143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35075 (11/POC-006144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o erro material que provocou a retirada do proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35081 (11/POC-006145)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a titularidade da illa da Creba segundo os datos da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 35083 (11/POC-006146)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as actividades hostaleiras e/ou turísticas que se veñen desenvolvendo na illa da Creba por parte de A Creba Private Island

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 35085 (11/POC-006147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a afección que causaron as obras que se veñen levando a cabo nos últimos anos na illa da Creba nos recursos marisqueiros da zona

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 35098 (11/POC-006148)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a titularidade e usos da illa da Creba en Esteiro, Muros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 35103 (11/POC-006149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da recuperación do servizo de pediatría, a disposición de médico en quenda de tarde e o mantemento da apertura do consultorio de Meicende, en Arteixo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 35114 (11/POC-006150)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o uso forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 35121 (11/POC-006151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego, atendendo ás direfentes áreas sociolingüísticas de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 35126 (11/POC-006152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o atraso da documentación de modificacións orzamentarias de decembro de 2021 e xaneiro, febreiro e abril de 2022

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 35131 (11/POC-006153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo 2021-2022

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se designa senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo

O Pleno do Parlamento, en sesión específica que tivo lugar o 24 de maio de 2022, acordou designar senador representante da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo, de acordo co establecido no artigo 69.5 da Constitución española, no artigo 10.1.c) do Estatuto de Autonomía de Galicia e no artigo 165.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo do Pleno do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se designa senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Miguel Ángel Tellado Filgueira

O Pleno do Parlamento, en sesión específica que tivo lugar o 24 de maio de 2022, acordou designar senador representante da Comunidade Autónoma de Galicia a don Miguel Ángel Tellado Filgueira, de acordo co establecido no artigo 69.5 da Constitución española, no artigo 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 165.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se acepta a renuncia de don Miguel Ángel Tellado Filgueira como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista do Partido Popular de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de maio de 2022, tomou coñecemento da vontade de don Miguel Ángel Tellado Filgueira de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia, que manifestou expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara.

A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de don Miguel Ángel Tellado Filgueira como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña, na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas polo deputado a título individual.

3º. Notificar este acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria.

4º. Notificar este acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 24 de maio de 2022, polo que se acepta a renuncia de don Alberto Núñez Feijóo como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Pontevedra na lista do Partido Popular de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de maio de 2022, tomou coñecemento da vontade de don Alberto Núñez Feijóo de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia, que manifestou expresamente coa súa comparecencia perante a Mesa da Cámara.



A Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar a renuncia de don Alberto Núñez Feijóo como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Pontevedra, na lista correspondente ao Partido Popular de Galicia.

2º. Declarar decaídas todas as iniciativas parlamentarias formuladas polo deputado a título individual.

3º. Notificar este acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria.

4º. Notificar este acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

5º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.2.3. Composición da Mesa do Parlamento

Elección de dona María Elena Candia López como vicepresidenta 1ª do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión que tivo lugar o día 24 de maio de 2022, de conformidade co disposto nos artigos 36.2 e 37 do Regulamento, elixiu como vicepresidenta 1ª a dona María Elena Candia López.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 23 de maio de 2022, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia, polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas comisións parlamentarias (doc. núm. 35157)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 35157, o escrito do portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo na Deputación Permanente e nas comisións parlamentarias.



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. dos Socialistas de Galicia na Deputación Permanente e nas seguintes comisións parlamentarias:

—Deputación Permanente (suplente)

Alta: Paloma Castro Rey

—Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Alta: Leticia Gallego Sanroman

—Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislatura que están pendentes de conclusión

Alta: Gonzalo Caballero Miguez

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de abril celebrouse o día mundial da seguridade e saúde no traballo. No Bloque Nacionalista Galego entendemos que todos os días do ano son días para reivindicar e loitar polo dereito a que as persoas traballadoras podan desenvolver a súa actividade laboral nunhas condicións saudábeis e de seguridade. Compartimos a idea de que os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino, nin da casualidade nin da mala sorte, senón que son resultado de causas específicas, identificábeis e, polo tanto, que se poden evitar.

Na Galiza danse unha serie de factores, algúns endóxenos do noso país e outros, compartidos co resto do territorio do Estado, que fan da sinistralidade laboral unha cuestión que necesariamente debe ser abordada dende as administracións públicas con carácter urxente. Ao igual que no resto do Estado, a prevención no noso país está maiormente externalizada, polo que son as empresas as que encargan e contratan a súa prevención a entidades privadas especializadas, o que provoca que as empresas non son en moitos casos suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores. Por desgraza, tamén compartimos unha lexislación e normativas ineficientes, que as empresas, polo xeral, implementan dun xeito laxo e meramente formal. Ao que hai que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sumarlle a inexistencia dunha cultura preventiva real, que impide que a prevención se integre en todos os estamentos e actividade das empresas.

Esa falla de cultura preventiva hai que poñela en relación directa no noso país coa inoperancia e a falla de vontade política amosada polos diferentes gobernos do Partido Popular en materia de Prevención de Riscos laborais. O que se traduce na práctica nunha insuficiente inversión pública e privada en materia de Prevención. Ese desleixo da Xunta de Galiza provocou que o noso país se atope nos postos máis altos do ranking de accidentes graves e mortais de todo o Estado español, cunha incidencia que duplica a media estatal neste tipo de accidentes.

Con datos pechados do ano 2021, chama a atención que as mortes laborais por infartos, derrames e outros accidentes cardiovasculares se teñan incrementado nun 78% en comparación co 2020, e que se incrementara a sinistralidade laboral total nun 18,3% tras a volta á normalidade post-pandémica. Pero é que só nos meses de xaneiro e febreiro do presente ano, na Galiza volvemos a liderar na sinistralidade laboral con resultado de morte de entre todas as Comunidades Autónomas (29 falecidos), que supoñen o 21% do total de mortes por accidente laboral de todo o Estado español neste período.

Para reverter esta situación e así protexer con maior efectividade a saúde e a seguridade laboral dos traballadores galegos, faise imprescindible unha actuación decidida do goberno galego, que parta da premisa de que para atallar un problema que xa é estrutural, débense ter en conta as particularidades e especificidades da nosa realidade preventiva e laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación :

- Considera o Goberno galego que as medidas e políticas adoptadas até o de agora en materia de Prevención de Riscos Laborais foron efectivas para reducir a sinistralidade laboral?
- Como valora o Goberno galego os datos de sinistralidade laboral dos últimos cinco anos?
- Considera necesario incrementar o número e as competencias de inspección dos Técnicos/as Habilitados/as dependentes do ISSGA?
- Considera necesario aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención co obxectivo de mellorar a detección de enfermidades profesionais, sistematizar a información relativa a accidentabilidade e causas da mesma e identificar, prever e anticipar factores de risco laboral vinculados aos accidentes non traumáticos?
- Ten previsto o Goberno galego solicitar do Estado a transferencia de recursos e competencias en materia de Inspección de Traballo?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2022 10:39:05

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2022 10:39:09

Daniel Pérez López na data 13/05/2022 10:39:19



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia, foi recoñecido en España como Día Nacional por acordo do Consello de Ministros no ano 2009. A conmemoración desta data ten a súa razón de ser coincidindo coa decisión ese día no ano 1990 da Asemblea Xeral da OMS eliminando a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin así á percepción internacionalmente institucionalizada da homosexualidade coma una “enfermidade susceptible de ser curada”.

Os avances en dereitos LGBTI a nivel global dende aquela decisión son notables e teñen servido para empoderar e protexer ás lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais nun gran número de países.

Pese aos avances legislativos producidos no conxunto do Estado con leis socialistas como a Lei 13/2005 do matrimonio igualitario ou a Lei 3/2007 da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo e no ámbito autonómico coa aprobación da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación LGBTI proposta polo PSdeG, as persoas LGBTI seguen a vivir vexacións, insultos, discriminación, violencia, ameazas e agresións polo simple feito de ser como son e amar libremente.

Un recente estudo elaborado pola UXT amósanos que o 91 % das persoas LGBTI na nosa Comunidade Autónoma consideran necesario ocultar a súa orientación sexual, o 96 % consideran que a súa orientación sexual é un inconveniente á hora de atopar traballo e 6 de cada 10 traballadoras e traballadores LGBTI en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

O asasinato de Samuel o pasado ano na Coruña, as recentes agresións LGBTIfóbicas nos concellos de Ourense, Ribadavia ou Vigo, son só a punta do iceberg dun conxunto de actitudes discriminatorias que atopan acubillo nos discursos de odio e requiren unha resposta firme das institucións públicas, que se concreten en máis políticas destinadas á erradicación da LGBTIfobia.



A Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia leva dende a súa aprobación esperando polo desenvolvemento regulamentario que no seu debate se prometía.

Concretamente e entre outros aspectos denunciados en múltiples ocasións polo Grupo Socialista, o artigo 8 da citada lei dispón a creación dun “servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e as súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais”, pero lamentablemente desde que se aprobou a lei a Xunta de Galicia non amosou nunca disposición algunha para a creación destes servizos.

Dun orzamento de 11.571 millóns de euros só se destina a LGTBI 21.000 euros para asociacionismo, o que supón un mísero 0,002 % do total, é evidente que con esta dotación orzamentaria é complexo levar a cabo calquera tipo de acción rigorosa destinada a eliminación da discriminación por razón de orientación ou identidade sexual.

Por se non abundase coa grave non aplicación da lei, coa ridícula dotación orzamentaria a Xunta de Galicia, aprobaba o 3 de outubro de 2016 un decreto polo que se modificaron as funcións dos Centros de Información á Muller (CIM) incluíndo as actividades de información e atención ao colectivo LGBTI. Todo iso, sen incrementar o orzamento, o número de profesionais e sen formación específica o que implica, por unha banda que os servizos destinados a eliminación das violencias machistas sofren unha clara diminución de recursos e, por outra, que o colectivo LGBTI non conte co apoio profesional axeitado.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera que abundan os 21.000 euros orzamentados neste 2022 para que os colectivo galegos que traballan polos dereitos LGTBI poida desenvolver un traballo digno e axeitado na consecución da igualdade real do colectivo na nosa comunidade?
2. Vai dar cumprimento aos artigos recollidos na Lei galega do 2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI?



3. Está a Xunta de Galicia disposta a persoarse nos casos de agresións e asasinatos LGTBIfóbicos que acontezan na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 12 de maio do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 13/05/2022 09:49:00

Julio Torrado Quintela na data 13/05/2022 09:49:08

Marina Ortega Otero na data 13/05/2022 09:49:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a eliminación punto alto risco na OU-540 no concello de Verea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Milleiros de persoas e colectivos e organizacións e organizacións sociais de Ourense, como a Confederación Empresarial, a Federación de Comercio, a Asociación de Empresarial do Polígono de San Cibrao, o Centro Comercial Ponte Vella, o Foro Líceo ou Concellos de diferente tendencia política como Verea, Entrimo, Celanova, Lobios ou Lobeira veñen solicitando a terminación do proxecto de construción da AG-31, inicialmente prevista para vertebrar Galiza unindo a autovía A-52 e a Fronteira con Portugal por A Madalena; atópanse coa contumaz negativa da Xunta de Galiza do Partido Popular quen, dende máis dunha década, ten paralizado o proxecto por supostamente consideralo prescindíbel.

Alternativamente ao proxecto de construción de unión da A-52 coa fronteira portuguesa, a Xunta de Galiza anunciou a realización de obras de acondicionamento da estrada OU-540, entre os pp.kk.. 25,470 e 71,470. O proxecto presentado pola Xunta de Galiza que os propios socios do Partido Popular non dubidarian alcumar “reformita low cost” non elimina treitos de elevado risco de accidente de circulación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o proxecto presentado pola Xunta de Galiza mantén o perigoso cruce que, dentro do concello de Verea, conforman a confluencia das estradas provinciais OU-0206, a OU-0207, coas dúas rúas municipais e coa estrada OU-540. Viais nos que a circulación é elevada, mesmo de vehículos de grande tonelaxe, sendo reducida a visibilidade para incorporarse á circulación da OU-540 dende a OU-0207 ou dende as estradas municipais, provocando, asemade, que un eventual exceso de velocidade poda provocar un accidente de importantes consecuencias.

A mera construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da OU-540 dun diámetro interior de circulación de 14 m. e 28 m. no exterior permitiría mellorar considerablemente o trazado existentes e xa que logo as condicións actuais de circulación e visibilidade.

Asemade e como xa foi denunciado dende distintas institucións e colectivos sociais e veciñais a actual e singular confluencia da AG-31 e a OU-540 non é a máis acaída en termos de seguridade viaria, tanto para as usuarias da vía como para a veciñanza do núcleo de poboación no que desemboca á autoestrada.

En todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego reiterar o carácter esencial para a vertebración do territorio e o desenvolvemento económico e social de Ourense e de Galiza a definitiva construción da AG-31 como estaba inicialmente contemplada, é dicir, na unión da A-52 coa fronteira portuguesa, posibilitando a áxil e segura conexión do norte de Portugal co sur-leste e leste de Galiza.

E por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Considera a Xunta de Galiza que, como afirman as asociacións empresariais, económicas e sociais de Ourense a terminación da AG-31 contribuiría a vertebración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territorial e ao desenvolvemento económico e social do leste de Galiza e de Ourense, en particular?

. Ten previsto a Xunta de Galiza a terminación do proxecto de construción da AG-31 que comunica a autovía A-52 coa fronteira portuguesa por A Madelena? No seu caso, en que prazo?

. Que xestións realizou na última década para a construción da infraestrutura?

. Considera a Xunta de Galiza que a construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da estrada OU-540 eliminaría un punto perigoso de circulación, facilitando o transito viario e que este se puidese realizar en condicións de seguridade?

. Realizou a Xunta de Galiza ou ten previsto realizar algún estudo sobre o particular?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2022 11:23:44

María González Albert na data 13/05/2022 11:23:47

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2022 11:23:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/05/2022 11:24:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Exposición de motivos

Hai xa moitos anos que o número de granxas adicadas a produción cárnica ou leiteira vén diminuindo no noso país. Para tomar como exemplo, segundo o IGE dende o 2018 ao 2020 perdéronse 2040 granxas de carne, 713 de leite, se tomamos en conta datas anteriores veremos que a perda foi moitísimo maior. Así no Estado español a perda foi de 75.000 explotacións agrogandeiras entre o 2009 e o 2020.

Entendemos que esta perda se produce en gran medida por xubilación dos seus propietarios, aínda que non está a ser a única causa, seguidos da ausencia de novas incorporacións, o que supón unha perda patrimonial importante máxime cando as granxas contan con avances tecnolóxicos actualizados.

O feito de non prestixiar adecuadamente a actividade agrogandeira, non acabar de facilitar a súa profesionalización, ou as continuas situacións de crises sen o apoio preciso, supón que perdamos a oportunidade de ter en funcionamento o número máximo de explotacións, e é por isto que ano tras ano o seu número descende a pasos axigantados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No DOG do 21 de maio do 2021 veu de publicarse a Lei 11/2021 do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia, que recolle a figura do Banco de Explotacións, que queremos crer que será usado para o fomento das novas incorporación e consecuentemente a evitar a perda continuada das granxas galegas.

Pero acontece que a punto de cumprirse un ano dende a publicación desta Lei sen orzamento o Banco de Explotacións non está no panorama propagandístico do Goberno da Xunta, senón nunha zona de sombra xunto co Banco de Terras, é dicir non existe fisicamente, e polo tanto non cumpre coa función que na lei se lle encomenda mentres as explotacións pechadas están deteriorándose e as potenciais novas incorporacións perdendo a oportunidade de emprender actividades agrogandeiras.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- En que fase se encontra a creación do Banco de Explotacións, con que orzamento conta e cando prevén que se poña en funcionamento?
- Teñen feito un censo de explotacións en abandono que aínda poidan ser recuperadas?
- Cantas estiman que son xa irrecuperábeis?
- Pode ser que a falta de orzamento deixe a LRTAG baleira de contido, e polo tanto nunca chegue a materializarse o Banco de Explotacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado a Xunta de Galiza dotar de medios suficientes ao Banco de Explotacións para que sexa unha ferramenta realmente áxil e útil tanto para os demandantes como os cesionarios das granxas en abandono?

- Ten pensado a Xunta crear unha rede de demandantes e de cesionarios e crear unha base de datos ou ferramenta tecnolóxica con carácter transversal para que tanto dende as OACs como os GDRs poidan participar?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/05/2022 10:23:20

María González Albert na data 16/05/2022 10:23:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/05/2022 10:24:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación na que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa no Concello de Pazos de Borbén e as denuncias ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíamos a través dos medios de comunicación as denuncias presentadas por TREGA e a asociación Vellez Digna a respecto das condicións nas que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores ‘Mi Casa’ situada no Concello de Pazos de Borbén.

Nas súas denuncias, trasladadas ás Consellarías de Política Social e Sanidade, poñen de manifesto que:

1. A falta de persoal é a principal causa das condicións nas que se atopan as persoas usuarias. Neste senso, non se cubren as rateos mínimas en ningunha das quendas e habería persoal de limpeza desenvolvendo funcións de enfermaría sen a máis mínima formación nin autorización para levar a cabo ese traballo.

2. Por mor da falta de persoal a situación das persoas usuarias en termos hixiénico-sanitarios é pésima, cuestión que se agrava pola mala alimentación que se daría no centro.



Esta residencia aparece no RUEPSS como iniciativa privada con ánimo de lucro con inicio de actividade en 1998 e 58 prazas autorizadas das que 22 son financiadas pola Xunta de Galiza.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais**

Usuario/a Contraseña **CONECTAR** **SOLICITAR E RECORDAR CONTRASEÑA**

CENTRO

DENOMINACIÓN: RESIDENCIA MI CASA

ENTIDADE: RAPE S.L.

NÚMERO REXISTRO: E0925C001 ESTADO: CON PERMISO DE ACTIVIDADES

Xeral ☐ Servizos Complementarios ☐ Prazas ☒ Xestores - Usuarios/as ☐ Persoal ☐ Servizos e instalacións ☐ Imaxes ☐

Listaxe de prazas autorizadas

TIPO PRAZA / UNIDADE	NUM. PRAZAS / UNIDADES AUTORIZADAS	NUM. PRAZAS DISPONIBLES	PREZO MÁXIMO PRAZA / DÍA (euros)
ENFERMERÍA	3		0.00
DEPENDENTES HAB. DOBRES	56	5	58.93
DEPENDENTES HAB. INDIV.	2	0	58.93

TOTAL PRAZAS: 58

UNIDADES EN FUNCIONAMENTO:

Listaxe de prazas financiadas

TIPO	DESTINATARIOS	NÚMERO PRAZAS
RESIDENCIA	PERSOAS CON DEPENDENCIA	22

Outra información

OBSERVACIÓN:

A entidade xestora é : Rapesua S.L que xa fora obxecto dun expediente previo en 2017 por agochar residentes durante unha inspección en 2017 nun intento por esconder que albergaban máis usuarias e usuarios das legalmente autorizadas. Cuestión que foi trasladada naquela altura polo BNG ao Parlamento de Galiza

Para o noso grupo parlamentario estes feitos denunciados e a reincidencia da empresa na vulneración das súas obrigas mais sobre todo dos dereitos fundamentais das persoas usuarias urxen, máis unha vez, a necesidade de deseñar un novo modelo de residencias que poña no centro a vida e os dereitos das persoas maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza o actual modelo de residencias de maiores?
- E especificamente a situación na que se atopan as persoas usuarias da residencia Mi Casa en Pazos de Borbén?
- Tiña coñecemento desta situación o Goberno galego previamente ás denuncias presentadas por TREGA e Vellez Digna?
- Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galiza a esta residencia nos últimos cinco anos? Que irregularidades detectou? Abríuselle algún expediente sancionador? En caso afirmativo, cantos e por que razón?
- Impúxoselle algunha sanción á empresa polas irregularidades detectadas en 2017 tanto polos servizos de inspección como a Garda Civil?
- De ser así cal e con que contía?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para impedir que esta situación se volva repetir nesta residencia ou en calquera outra?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Alexandra Fernández Gómez
Carme González Iglesias
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2022 13:47:17

Iria Carreira Pazos na data 18/05/2022 13:47:22

María do Carme González Iglesias na data 18/05/2022 13:47:28

Alexandra Fernández Gómez na data 18/05/2022 13:47:34

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2022 13:47:40



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Co gallo da celebración do Día da Familia e tras o discurso do Sr. Rueda no debate de investidura situando a familia como un dos tres eixos vertebradores do seu Goberno, a delegación galega da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) emitía un comunicado no que, entre outras cuestións, demandaba da Xunta de Galicia unha definición do modelo de familia monomarental, a creación do Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e medidas que favorezan a conciliación e a crianza.

Este modelo familiar é cada vez máis numeroso en Galicia, e en maior medida son as mulleres as que deciden ser nais sen necesidade de que exista outro proxenitor. Por iso dende o Grupo Socialista entendemos que para que non exista unha maior discriminación, as políticas do Goberno galego debe pór o foco noutros modelos familiares, que foxen dos tradicionais.

En efecto, a lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, xa recollía que as familias monomarentais e monoparentais son de “especial consideración”, e a lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, inclúe un artigo dedicado a este modelo familiar:

Artículo 40. Especial consideración das familias monoparentais.

- 1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.*
- 2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*

Mais pasado xa máis dun ano da aprobación desta lei non se materializou ese plan de apoio a estas familias e moito menos o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais Galegas, algo que puxo xa de manifesto en varias ocasións o Grupo



Parlamentario Socialista e que non atopou unha resposta satisfactoria da Consellaría de Política Social.

Con respecto ao rexistro, a Xunta aduce que están á espera da aprobación da lei estatal de diversidade familiar e así evitar “conflitos” entre a normativa estatal e autonómica. Pero, tal e como explica a MSPE, isto non foi impedimento para modificar os criterios de acceso ao certificado de familia monoparental ou monomarental.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Cando pensa o Goberno galego dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais?

2ª) Cando vai aprobar o Goberno galego o Rexistro de Familias Monomarentais tal e como obriga a citada lei?

3ª) Cando ten previsto o Goberno galego presentar o plan de apoio ás familias monoparentais ao que obriga a dita lei?

4ª) Por que asegura o Goberno galego que a demora na aprobación do Rexistro de Familias Monomarentais se debe á futura lei estatal de diversidade familiar cando á vez están aprobando modificacións que igualmente se verían afectadas polo marco normativo estatal?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/05/2022 18:20:25

Noelia Otero Lago na data 18/05/2022 18:21:06

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 18:21:16

Marina Ortega Otero na data 18/05/2022 18:21:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a falta de previsión da Xunta de Galiza ante a campaña de alto risco 2022 e a escaseza de medidas de prevención.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A prevención faise todo o ano”. Esta máxima repetida até a saciedade polo Bloque Nacionalista Galego durante os últimos anos e desprezada campaña tras campaña por unha Xunta de Galiza que, pese á propaganda, persiste en cada Orzamento en destinar máis recursos a extinción que a prevención, converteuse no novo mantra publicitario da Consellaría do Medio Rural nos últimos meses.

O departamento de Medio Rural mudou así nos últimos meses o seu perfil público e insiste na publicidade dunhas medidas preventivas ante os lumes que, desgrazadamente, non se corresponden coa execución de políticas reais por parte do departamento.

Así, entre outras moitas cuestións, un ano máis asistimos a unha campaña na que máis de 1.000 traballadoras e traballadores que fan parte do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais continúan cun contrato de 6 meses que supón a súa incorporación efectiva ao Servizo na segunda quincena do mes de maio cando, por exemplo, as queimas de particulares están prohibidas desde o primeiro venres do mes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ante a previsión dun ano complicado cara os lumes tras un inverno e unha primavera inusualmente secos.

Deste xeito os propios bombeiros e bombeiras teñen denunciado publicamente a falta de previsión un ano máis no que non se contou con case mil traballadores para realizar labores preventivos e poder no verán mitigar os efectos do lume, verán que se prevé que sexa adverso e seco.

Resulta especialmente grave esta falta de previsión e a perda de tempo ao longo do inverno para poder executar labores de prevención cando o risco de lumes tan virulentos como os de 2017 planea sobre esta campaña.

Ante esta situación é incomprensíbel que a Xunta de Galiza reincida na súa política de non profesionalización do SPDIF e persista nos contratos en precario de 6 e 9 meses mantendo como traballadores/as fixos/as discontinuos/as a un persoal que debía estar traballando durante 12 meses e ocupando boa parte dese tempo en labores de prevención.

Un ano máis, e ante a falta de persoal propio, a Consellaría do Medio Rural ten insistido na sinatura de contratos para tratamentos silvícolas na prevención de incendios forestais con empresas privadas que, en só dúas convocatorias, teñen costado nesta campaña máis de 6 millóns de euros mentres se mantén precarizado e non profesionalizado o servizos propio.

A administración galega tería que ser exemplificadora nesta materia e ser realmente proactiva na limpeza da biomasa en lugar de manter unha actitude que só pretende ser impositiva cos particulares e responsabilizalos case en solitario do mantemento dun territorio abandonado e con graves dificultades de supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido as directrices feitas públicas en referencia ás liñas mestras da futura Lei de Incendios Forestais non semellan resolver esta problemática e máis ben ao contrario semellan afondar na división do servizo e nunha maior precarización.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación

- Cren que están a facer unha boa xestión do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais?

- A incorporación dxs brigadistas de 6 meses a 18 de maio ao servizo activo fai parte dunha correcta política de prevención fronte aos incendios forestais?

- Teñen prevista a substitución das brigadas de 6 e 9 meses por brigadas fixas de todo o ano? Con que prazo?

- É posíbel manter un servizo profesionalizado con persoal que só traballa a metade do ano?

- Un servizo que mantén un persoal precarizado é un servizo eficiente?

- Por que a Xunta insiste en contratar o groso da campaña de prevención a empresas privadas en lugar de facer unha execución directa dos traballos?

- Afrontamos esta campaña de alto risco cunha correcta execución das labores preventivas? En que grao?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 09:50:19

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 09:50:23

María González Albert na data 19/05/2022 09:50:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de ataque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ningún acerte a comprender quen e como se permiten.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba á Xunta a:

-“Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona”.

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

-Considera o Goberno galego que é deber das administracións públicas actuar con todos os seus medios para reverter os bens públicos privatizados á titularidade pública?

-Emprendeu a Xunta de Galiza algunha acción para tratar de recuperar o uso e a titularidade pública da Illa da Creba? De ser así, cales?

-Que actuacións levou a cabo para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento Galego do 19 de setembro de 2007?

-Ten coñecemento das obras e actividades que se levaron a cabo nos últimos anos na Illa da Creba? E das que se están a levar a cabo na actualidade? Ten constancia de que todas elas se realizaron e se están a realizar coas autorización e permisos obrigatorios? Ten constancia da existencia dalgún incumprimento legal? Ten avaliado se supoñen algún tipo de impacto ambiental e/ou paisaxístico? Está disposta a realizar de inmediato un informe sobre as mesmas?

-É coñecedora a Xunta de Galiza da existencia de canalizacións dende terra para a subministración de auga potábel á Illa e de como se está a solventar o servizo de saneamento na mesma? Cumpren estes servizos con todos os requisitos legais esixíbeis? Está a levar a Administración algún tipo de control a este respecto, sobre todo no referido ás augas residuais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten coñecemento de que se cumprixe a sentenza da Audiencia Nacional, do 5 de abril de 2002, desestimando o recurso contencioso administrativo (649/1999) interposto contra a Orde Ministerial do 13 de maio de 1999, denegatoria da solicitude de concesión de 1.870 metros cadrados de dominio público para a legalización do peirao construído na Illa da Creba nos anos 90?

-Que clasificación urbanística e medioambiental ten na actualidade a Illa da Creba? Seguen vixentes as figuras de “espazo natural protexido” e “solo non urbanizábel de Protección de Especies Naturais”? De non ser así, por que razón? De ser así, que implican na práctica esas dúas figuras? Que control se realiza sobre o cumprimento ou non das limitacións que establecen? Quen o leva a cabo?

-Está disposta a Xunta de Galiza a iniciar, ou retomar se é o caso, as accións necesarias para asumir a titularidade, hoxe en mans privadas, da Illa da Creba? De ser así, en que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 15:52:02

Alexandra Fernández Gómez na data 19/05/2022 15:52:06

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 15:52:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) nace, segundo reza na definición da mesma lei para buscar un xeito de mellorar as explotacións económica e tecnicamente para un desenvolvemento máis racional da agricultura.

Entre outras finalidades destaca a pretensión de conseguir un máximo aproveitamento agrario da zona e non soamente un menor número de parcelas pasando así a segundo termo o índice de redución e primando a viabilidade das explotacións. Para este fin a METAGA acentúa a importancia do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos.

A realidade amósanos que esta medida que debiera ser a guía e veo sobre o que xirase todo o proceso é na realidade unha opción menor que algúns técnicos teñen en conta... non lle ven utilidade e non lles resulta cómoda.

A data de hoxe e dentro desa sucesión de malas novas para o abastecemento de insumos tanto para a poboación coma para a gandaría xorde estes días a suspensión de exportación de trigo do segundo exportador mundial, India, polo que o futuro e a carestía está asegurada segundo din os expertos, entre eles a FAO de recoñecido





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prestixio e solvencia. Disque 47 millóns de seres humanos sumaranse este ano á bolsa dos que pasan fame no mundo.

A brutal suba de prezos dos cereais e as dificultades no subministro debido á dependencia externa do noso país (Galicia) aconsellarían unha posta en cultivo da terra agraria cun mínimo de vocación cerealista.

A realidade amósanos que unha boa parte dos procesos de concentración parcelaria finalizados ultimamente están sendo plantados a eucalipto ignorando estas necesidades (claro que o goberno galego nada fai por promocionar o seu cultivo) e vulnerando esa “moratoria” que xa no seu momento en vez de inhibir o que fixo foi incentivar a plantación desta especie.

Supoñemos que unha vez máis estes feitos ilegais e irracionais non son corrixidos de oficio e o goberno non sendo consciente (o seu equivalente é inconsciente) desta dupla ilegalidade, non ten prevista ningunha medida para evitar que o custoso investimento público nos procesos de reestruturación da propiedade, no sexa dilapidado para outros fins.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

É consciente o goberno galego de que se están facendo plantacións forestais con eucalipto en zonas de recente finalización de procesos de concentración parcelaria, en terra de vocación agrícola, vulnerando a legalidade?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 16:44:38

María González Albert na data 19/05/2022 16:44:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 16:44:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos do IGE poñen de manifesto o diferente comportamento que presenta o uso do galego ao longo das diferentes comarcas galegas.

Os datos que ofrece ao longo do último lustro analizado o IGE (2013-2018) presentan comarcas con dinámicas sociolingüísticas diverxentes.

Así, por exemplo, mentres áreas como Arzúa, Melide, Ordes, Costa da Morte ou Barbanza-Noia presentan unha maior consolidación no uso, achegándose no último caso a un 12%, mesmo entre a mocidade, outras como Vigo, Ourense, Santiago ou O Carballiño-O Ribeiro presentan un decrecemento que chega até o -10,9%.

Con todo, estes datos locais non anulan os preocupantes valores da tendencia xeral que seguen a comprometer a vitalidade da lingua galega. Sirva como exemplo o recente estudo sociolingüístico da RAG sobre o concello de Ames que confirma o avance dunha progresiva e acentuada substitución lingüística que, ademais, pode ser un reflexo doutras moitas fotografías da nosa lingua nos ámbitos periurbanos que adoitan concentrar maiormente a poboación galega nos últimos anos.

Esta situación, a xuízo dos especialistas en sociolingüística, conclúe que ao cabo dunha ou dúas xeracións o uso habitual do galego pode desaparecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación reforzada pola cativa presenza do galego na escola e mais nos ámbitos de lecer e socialización da infancia e mocidade que transmite o papel hexemónico do castelán fronte a invisibilidade do galego.

Desta análise conclúese que é determinante e urxente elaborar un plan de normalización lingüística que permita actuar de forma local coas ferramentas adecuadas a cada contorna sociolingüística, con obxectivos concretos para cada área e onde se implique o conxunto da comunidade fortalecendo a rede de apego á lingua.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas está a pór en andamento a Xunta para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/05/2022 17:07:19

Daniel Castro García na data 19/05/2022 17:07:21

Mercedes Queixas Zas na data 19/05/2022 17:07:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Carme González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do innegábel potencial que atesoura Galiza dende o punto de vista turístico, o Camiño de Santiago e o Xacobeo constitúen sendos produtos de primeiro nivel, cun peso específico moi importante no desenvolvemento económico do tecido empresarial galego que se move dentro das coordenadas do sector turístico.

Esta afirmación, que non fai senón constatar unha realidade, non empece que dende o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego levemos anos insistindo en que é imprescindible mudar o modelo turístico galego.

Pero para mudar ese modelo é necesario que dende a Xunta de Galiza se aposte, en serio, por unha necesaria diversificación da oferta, que amose todas aquelas zonas do país con potencial turístico.

Aposte tamén por acadar que o turismo se conciba como unha actividade transversal, o que esixiría que as actuacións no territorio, as ferramentas de ordenación urbanística, a defensa e protección da paisaxe ou mesmo as políticas de reactivación económica deben levarse a cabo dándolle un papel principal á actividade turística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transversalidade que precisaría que o goberno galego asumise todas as competencias posíbeis en canto a conectividade terrestre, marítima e aérea.

Ademais do anterior, outro dos obxectivos do novo modelo turístico que defendemos sería acadar a sustentabilidade real do mesmo, que esixe que a actividade turística respecte a integridade da nosa cultura, os procesos ecolóxicos esenciais e a diversidade biolóxica.

Un cambio de paradigma que non suporía renunciar a dous valores turísticos como é o Camiño de Santiago e o Xacobeo, senón que aínda os reforzaría. Pero xa no marco nun novo modelo que non agoche o resto das inmensas potencialidades turísticas da Galiza.

Só así o Xacobeo se converterá nunha auténtica panca de desenvolvemento económico, cultural, social e territorial do noso país.

Un novo modelo que, tamén hai que dicilo, desterre a instrumentalización política que se fai do Xacobeo.

O paradigma desa instrumentalización atopámolo na recente adxudicación por parte da Axencia de Turismo de Galiza de varios contratos privados de patrocinio publicitario para promocionar o Ano Xacobeo 2021-2022.

O investimento en promoción é imprescindible para acadar o obxectivo de que Galiza se converta nun destino turístico consolidado, pero o censurábel é empregar importantes cantidades de diñeiro público coa finalidade de facer proselitismo político.

Ao tempo que se conculca a Lei de Normalización Lingüística da Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lei que no seu artigo 19 establece que o Goberno galego “prestará apoio económico e material aos medios de comunicación non incluídos no artigo anterior (artigo 18, sobre os medios de titularidade pública) que empreguen o galego dunha forma habitual e progresiva”.

A través deses contratos privados de patrocinio, a Axencia de Turismo de Galiza contratou publicidade maiormente en medios nos que o problema xa non é que o uso da lingua galega sexa testimonial (que tamén), senón que se trata de medios que habitualmente, e cun sesgo claramente político, deturpan o galego.

Co que dificilmente se pode entender que o Xacobeo se está a empregar co obxectivo de fomentar o desenvolvemento cultural e social do noso país, fixado no Plan Estratéxico do Xacobeo.

Todo isto ao tempo, ademais, que a Xunta de Galiza exclúe da liña de axudas á prensa escrita a medios que empregan o galego de xeito habitual (ou mesmo masivo).

Outro exemplo da instrumentalización política á que nos referimos son as recentes declaracións do novo Presidente da Xunta realizadas ao albur da visita privada do rei emérito (personaxe de dubidosa catadura moral, baixo sospeita constante de casos de corrupción pendentes de explicación pública e cunha causa civil aberta no reino Unido e derivada dunha demanda de acoso) a Sanxenxo.

O señor Rueda non dubidou en cualificar esa visita de “magnífica noticia”, que suporá, nas súas palabras, un reclamo non só para Sanxenxo, senón para Galiza dende o punto de vista do turismo, da afluencia e de poñernos no mapa”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Declaracións que non compartimos en absoluto e que constatan, máis unha vez, a instrumentalización política e concepción deturpada que o Partido Popular e o goberno galego ten do turismo. Declaracións desafortunadas que fraco favor lle fan ao sector.

A actividade turística esixe e merece un goberno que a potencie e promocióne dende parámetros de calidade, profesionalización, diversificación, sustentabilidade e transversalidade.

Escapando, en resumo, da concepción partidista e minorada que o goberno galego ten do sector, que lastra o seu innegábel potencial e a súa proxección como destino consolidado non só a nivel estatal, senón tamén internacional.

Só así a Xunta de Galiza acreditaría realmente no turismo como unha verdadeira panca de desenvolvemento económico para o país.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Considera o goberno galego que o actual modelo turístico constitúe nunha auténtica panca de desenvolvemento económico, cultural, social e territorial do país no seu conxunto?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Ramón Fernández Alfonso
Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 19/05/2022 18:25:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2022 18:25:40

María do Carme González Iglesias na data 19/05/2022 18:25:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre o traslado dunha paciente en padiola polas rúas do Rosal pola ausencia de ambulancias.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre e o sucedido o 20 de maio no centro de saúde do Rosal e da situación da sanidade pública no Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 20 de maio volveron evidenciarse os recortes na sanidade pública que a veciñanza do Baixo Miño leva meses denunciando. Nesta ocasión, unha paciente cunha doenza cardíaca grave, tivo que ser trasladada co persoal sanitario empuxando a cama polo medio das rúas do Rosal, ao non haber dispoñibilidade de ambulancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación de deterioro da sanidade pública que leva meses a ser denunciada pola sociedade condenou aos sanitarios a non ter máis alternativa que trasladar unha doente polo medio das rúas da vila. Máis o verdadeiramente grave da situación é que esta doente, tivo que ter atendida por unha médica xubilada, que xa rematara o seu servizo e que, dado que a outra médica do centro de saúde tivera que saír a unha urxencia, decidiu por vontade propia ficar no centro de saúde. Unha situación que de non ser pola responsabilidade e a dedicación desta médica xubilada (que non ten encomendadas este tipo de funcións) podería ter rematado de xeito fatal para esta doente.

Pero por se isto non fose grave dabondo, a falta de ambulancias implicou que se tivesen que habilitar un protocolo de emerxencias, que motivou o episodio dos sanitarios empuxando a cama polo medio das rúas e mobilizou tamén os servizos de Protección Civil e da Policía Local, que escoltaron o traslado até o lugar no que aterrara un helicóptero do 061. Un helicóptero que despois dunha primeira aterraxe no campo de fútbol da Mata tivo remontar o voo e volver aterrizar nun estacionamento público máis próximo ao centro de saúde.

Estamos polo tanto ante unha situación que puxo en risco a vida da doente e que se produciu en primeira instancia pola falta de médicos no centro de saúde do Rosal e despois porque unha vez máis a ambulancia do Rosal saíra con outra emerxencia até o Hospital Álvaro Cunqueiro, a de Tomiño estaba noutro servizo na Guarda e a de Tui estaba fóra da zona. Realidade esta que dado o carácter periférico desta comarca e o tempo de traxecto até o hospital viña sendo advertida dende hai meses, e mesmo anos, por veciños e profesionais sanitarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por isto que os profesionais sanitarios volveron denunciar nestes días que en casos como o do Rosal «o tempo é crucial para salvar, non só a vida das persoas, senón unha adecuada funcionalidade»

A necesidade dunha ambulancia medicalizada, tal e como se leva reivindicando dende hai meses para o Baixo Miño é unha evidencia. Na actualidade, a máis próxima atópase en Mos e a proba máis clara desta necesidade é que só no que levamos de mes, o helicóptero do 061 tivo que acudir en catro ocasións até esta área.

Por todo o exposto anteriormente e ante os riscos que esta situación está a provocar na poboación do Baixo Miño, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera o goberno galego que a situación vivida no centro de saúde do Rosal o pasado 20 de maio é aceptable?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2022 12:19:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/05/2022 12:20:10

Mercedes Queixas Zas na data 23/05/2022 12:20:18

Rosana Pérez Fernández na data 23/05/2022 12:20:27

Ramón Fernández Alfonso na data 23/05/2022 12:20:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 23/05/2022 12:20:45

Iria Carreira Pazos na data 23/05/2022 12:20:57

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2022 12:21:11

Daniel Castro García na data 23/05/2022 12:21:20

María del Carmen Aira Díaz na data 23/05/2022 12:21:29

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2022 12:21:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/05/2022 12:21:51

María González Albert na data 23/05/2022 12:22:02

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2022 12:22:28

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2022 12:23:36

Alexandra Fernández Gómez na data 23/05/2022 12:23:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/05/2022 12:24:00

María do Carme González Iglesias na data 23/05/2022 12:24:08

Paulo Ríos Santomé na data 23/05/2022 12:24:23



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As necesidades de actuacións nos centros educativos galegos son constantes, nuns casos para mellorar a adecuación das propias instalacións aos estándares mínimos esixibles e noutros para mellorar aspectos como a propia accesibilidade ou incrementar o confort da comunidade escolar.

A rede de centros públicos dedicados ás ensinanzas de Infantil e Primaria da nosa comunidade autónoma conta cunha antigüidade aproximada de 40 anos, na maioría dos casos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deba proceder á reposición e as reformas integrais dos centros educativos.

Dentro dos orzamentos desta consellería existe o Programa 422A -Educación Infantil, Primaria e ESO de reparacións, ampliacións e melloras cunha dotación de 5.000.000 € para o ano 2022 en previsión de levar a cabo actuacións nos centros escolares. Entre os obxectivos deste programa está paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

No caso dos centros educativos do Concello de Baiona existen demandas dende hai anos para que se leven a cabo actuacións de mellora, que se poden concretar do seguinte xeito:

1. Dende o CEIP Fontes-Baíña veñen reclamando desde fai tempo varias reparacións no seu centro: o cambio do portalón de acceso ó colexio, a instalación dunha potabilizadora para o centro para garantir o consumo da auga, porque a que teñen non funciona ben e pechar unha das fachadas do pavillón escolar.
2. Desde o CEP Sabarís demándase o arranxo urxente da cuberta e o peche de fachadas do pavillón, xa que filtran auga.
3. No caso da EEI O Areal está pendente da inversión de 250.000 € dende fai anos para a ampliación e mellora do seu espazo.



Estas reclamacións feitas por ANPA e equipos directivos son incumpridas reiteradamente pola Administración autonómica. A comunidade educativa está farta de promesas que nunca se fan realidade por parte da Xunta de Galicia; estes centros son un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico en materia educativa.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2022 as demandas ás que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda polo Goberno autonómico, o que pon de manifesto o mínimo interese polas reformas destes centros educativos de Baiona por parte do Executivo autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia acometer estas obras tan necesarias destes centros educativos pertencentes ó municipio de Baiona?

Pazo do Parlamento, 12 de maio do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/05/2022 09:47:35

Noelia Otero Lago na data 13/05/2022 09:47:43

Noa Susana Díaz Varela na data 13/05/2022 09:47:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de abril celebrouse o día mundial da seguridade e saúde no traballo. No Bloque Nacionalista Galego entendemos que todos os días do ano son días para reivindicar e loitar polo dereito a que as persoas traballadoras podan desenvolver a súa actividade laboral nunhas condicións saudábeis e de seguridade. Compartimos a idea de que os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino, nin da casualidade nin da mala sorte, senón que son resultado de causas específicas, identificábeis e, polo tanto, que se poden evitar.

Na Galiza danse unha serie de factores, algúns endóxenos do noso país e outros, compartidos co resto do territorio do Estado, que fan da sinistralidade laboral unha cuestión que necesariamente debe ser abordada dende as administracións públicas con carácter urxente. Ao igual que no resto do Estado, a prevención no noso país está maiormente externalizada, polo que son as empresas as que encargan e contratan a súa prevención a entidades privadas especializadas, o que provoca que as empresas non son en moitos casos suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores. Por desgraza, tamén compartimos unha lexislación e normativas ineficientes, que as empresas, polo xeral, implementan dun xeito laxo e meramente formal. Ao que hai que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sumarlle a inexistencia dunha cultura preventiva real, que impide que a prevención se integre en todos os estamentos e actividade das empresas.

Esa falla de cultura preventiva hai que poñela en relación directa no noso país coa inoperancia e a falla de vontade política amosada polos diferentes gobernos do Partido Popular en materia de Prevención de Riscos laborais. O que se traduce na práctica nunha insuficiente inversión pública e privada en materia de Prevención. Ese desleixo da Xunta de Galiza provocou que o noso país se atope nos postos máis altos do ranking de accidentes graves e mortais de todo o Estado español, cunha incidencia que duplica a media estatal neste tipo de accidentes.

Con datos pechados do ano 2021, chama a atención que as mortes laborais por infartos, derrames e outros accidentes cardiovasculares se teñan incrementado nun 78% en comparación co 2020, e que se incrementara a sinistralidade laboral total nun 18,3% tras a volta á normalidade post-pandémica. Pero é que só nos meses de xaneiro e febreiro do presente ano, na Galiza volvemos a liderar na sinistralidade laboral con resultado de morte de entre todas as Comunidades Autónomas (29 falecidos), que supoñen o 21% do total de mortes por accidente laboral de todo o Estado español neste período.

Para reverter esta situación e así protexer con maior efectividade a saúde e a seguridade laboral dos traballadores galegos, faise imprescindible unha actuación decidida do goberno galego, que parta da premisa de que para atallar un problema que xa é estrutural, débense ter en conta as particularidades e especificidades da nosa realidade preventiva e laboral.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego necesario adoptar novas medidas para protexer con maior efectividade a saúde e a seguridade laboral das traballadoras e traballadores galegos?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 13/05/2022 10:30:17

Ramón Fernández Alfonso na data 13/05/2022 10:30:21

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2022 10:30:35



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia, foi recoñecido en España como Día Nacional por acordo do Consello de Ministros no ano 2009. A conmemoración desta data ten a súa razón de ser coincidindo coa decisión ese día no ano 1990 da Asemblea Xeral da OMS eliminando a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin así á percepción internacionalmente institucionalizada da homosexualidade coma una “enfermidade susceptible de ser curada”.

Os avances en dereitos LGBTI a nivel global dende aquela decisión son notables e teñen servido para empoderar e protexer ás lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais nun gran número de países.

Pese aos avances legislativos producidos no conxunto do Estado con leis socialistas como a Lei 13/2005 do matrimonio igualitario ou a Lei 3/2007 da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo e no ámbito autonómico coa aprobación da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación LGBTI proposta polo PSdeG, as persoas LGBTI seguen a vivir vexacións, insultos, discriminación, violencia, ameazas e agresións polo simple feito de ser como son e amar libremente.

Un recente estudo elaborado pola UXT amósanos que o 91 % das persoas LGBTI na nosa Comunidade Autónoma consideran necesario ocultar a súa orientación sexual, o 96 % consideran que a súa orientación sexual é un inconveniente á hora de atopar traballo e 6 de cada 10 traballadoras e traballadores LGBTI en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

O asasinato de Samuel o pasado ano na Coruña, as recentes agresións LGBTIfóbicas nos concellos de Ourense, Ribadavia ou Vigo, son só a punta do iceberg dun conxunto de actitudes discriminatorias que atopan acubillo nos discursos de odio e requiren unha resposta firme das institucións públicas, que se concreten en máis políticas destinadas á erradicación da LGBTIfobia.



A Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia leva dende a súa aprobación esperando polo desenvolvemento regulamentario que no seu debate se prometía.

Concretamente e entre outros aspectos denunciados en múltiples ocasións polo Grupo Socialista, o artigo 8 da citada lei dispón a creación dun “servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e as súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais”, pero lamentablemente desde que se aprobou a lei a Xunta de Galicia non amosou nunca disposición algunha para a creación destes servizos.

Dun orzamento de 11.571 millóns de euros só se destina a LGTBI 21.000 euros para asociacionismo, o que supón un mísero 0,002 % do total, é evidente que con esta dotación orzamentaria é complexo levar a cabo calquera tipo de acción rigorosa destinada a eliminación da discriminación por razón de orientación ou identidade sexual.

Por se non abundase coa grave non aplicación da lei, coa ridícula dotación orzamentaria a Xunta de Galicia, aprobaba o 3 de outubro de 2016 un decreto polo que se modificaron as funcións dos Centros de Información á Muller (CIM) incluíndo as actividades de información e atención ao colectivo LGBTI. Todo iso, sen incrementar o orzamento, o número de profesionais e sen formación específica o que implica, por unha banda que os servizos destinados a eliminación das violencias machistas sofren unha clara diminución de recursos e, por outra, que o colectivo LGBTI non conte co apoio profesional axeitado.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera que abundan os 21.000 euros orzamentados neste 2022 para que os colectivo galegos que traballan polos dereitos LGTBI poida desenvolver un traballo digno e axeitado na consecución da igualdade real do colectivo na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 12 de maio do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 13/05/2022 09:52:06

Julio Torrado Quintela na data 13/05/2022 09:52:15

Marina Ortega Otero na data 13/05/2022 09:52:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a eliminación punto alto risco na OU-540 no concello de Verea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Milleiros de persoas e colectivos e organizacións e organizacións sociais de Ourense, como a Confederación Empresarial, a Federación de Comercio, a Asociación de Empresarial do Polígono de San Cibrao, o Centro Comercial Ponte Vella, o Foro Líceo ou Concellos de diferente tendencia política como Verea, Entrimo, Celanova, Lobios ou Lobeira veñen solicitando a terminación do proxecto de construción da AG-31, inicialmente prevista para vertebrar Galiza unindo a autovía A-52 e a Fronteira con Portugal por A Madalena; atópanse coa contumaz negativa da Xunta de Galiza do Partido Popular quen, dende máis dunha década, ten paralizado o proxecto por supostamente consideralo prescindíbel.

Alternativamente ao proxecto de construción de unión da A-52 coa fronteira portuguesa, a Xunta de Galiza anunciou a realización de obras de acondicionamento da estrada OU-540, entre os pp.kk.. 25,470 e 71,470. O proxecto presentado pola Xunta de Galiza que os propios socios do Partido Popular non dubidarian alcumar “reformita low cost” non elimina treitos de elevado risco de accidente de circulación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o proxecto presentado pola Xunta de Galiza mantén o perigoso cruce que, dentro do concello de Vereá, conforman a confluencia das estradas provinciais OU-0206, a OU-0207, coas dúas rúas municipais e coa estrada OU-540. Viais nos que a circulación é elevada, mesmo de vehículos de grande tonelaxe, sendo reducida a visibilidade para incorporarse á circulación da OU-540 dende a OU-0207 ou dende as estradas municipais, provocando, asemade, que un eventual exceso de velocidade poda provocar un accidente de importantes consecuencias.

A mera construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da OU-540 dun diámetro interior de circulación de 14 m. e 28 m. no exterior permitiría mellorar considerablemente o trazado existentes e xa que logo as condicións actuais de circulación e visibilidade.

Asemade e como xa foi denunciado dende distintas institucións e colectivos sociais e veciñais a actual e singular confluencia da AG-31 e a OU-540 non é a máis acaída en termos de seguridade viaria, tanto para as usuarias da vía como para a veciñanza do núcleo de poboación no que desemboca á autoestrada.

En todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego reiterar o carácter esencial para a vertebración do territorio e o desenvolvemento económico e social de Ourense e de Galiza a definitiva construción da AG-31 como estaba inicialmente contemplada, é dicir, na unión da A-52 coa fronteira portuguesa, posibilitando a áxil e segura conexión do norte de Portugal co sur-leste e leste de Galiza.

E por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que a construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da estrada OU-540, con concello de Vereá, eliminaría un cruce perigoso e facilitaría a circulación viaria en condicións de seguridade?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/05/2022 11:22:30

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2022 11:22:33

María González Albert na data 13/05/2022 11:22:40

Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2022 11:22:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado do punto de encontro do persoal do SPDIF en Xinzo da Limia e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza está constituído por un importantísimo número de profesionais de distintas categorías laborais que inclúe, entre outros, a axentes, vixilantes, emisoristas ou brigadistas. Estes últimos, os membros das brigadas, teñen nos “puntos de encontro” para albergar aos traballadores que teñen o seu destino en cada base.

No último PLADIGA aprobado pola Xunta de Galiza, o de 2021, facíase unha referencia ao investimento que o departamento faría en mellora de instalacións, equipamento e parque móbil ao longo do ano, que se cifraba no documento en 2,6 millóns de euros.

Ao tempo, prevíase o gasto de outros 2,3 millóns de euros para realizar “diversas melloras” nas bases de medios aéreos, nas instalacións dos distritos forestais, nos puntos de vixilancia e nos puntos de auga existentes así como a previsión (como “posibilidade”) de construción dalgún novo punto de auga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, anunciábase que se levaría a cabo a construción e adecuación dunha “rede mellorada e eficiente de puntos de encontro, das instalacións do persoal traballador do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, dos almacéns do material de prevención e extinción e dos garaxes para os vehículos” sen ficar claro pola redacción do documento se estas últimas actuacións previstas dispuñan dun orzamento propio ou se ían incluídas nos 2,3 millóns de euros mencionados no punto anterior.

Moitas veces temos remarcado desde o Bloque Nacionalista Galego a carencia dunha avaliación seria e obxectiva sobre cal é a aplicación real dos orzamentos e investimentos previstos ano a ano no Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galiza (PLADIGA) e neste caso non é distinto.

Se ben é certo que durante o 2021 a Consellaría abordou algunhas obras dentro deste marco resulta evidente que non se solucionaron unha importante parte das eivas e necesidades que comparten os puntos de encontro das brigadas do SPIDF.

Dentro deste contexto un dos casos máis chamativos e o do punto de encontro de Xinzo da Limia que até foi denunciado recentemente polo comité de empresa da Consellaría do Medio Rural en Ourense polo seu mal estado.

Este punto de encontro consta dunha nave para vehículos e material que ten varias deficiencias entre as que destacan a iluminación insuficiente, un tellado con cuberta de uralita de amianto (con moitos anos, degradada e con grandes roturas que pode prexudicar gravemente a saúde do persoal), material caducado almacenado, cristais rotos... Anexos a esta nave hai uns módulos con aseos e vestiarios en mal estado nos que, por exemplo, as taquillas das traballadoras e traballadores están xunto aos Wcs por falta de espazo axeitado, os esgotos non funcionan correctamente (con atascos e malos olores contínuos, segundo denuncian), sen calefacción, co piso en mal estado...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas estas deficiencias fan que o persoal teña que vestirse e poñerse os EPIs na rúa ou na nave e non nun espazo axeitado para ese uso.

Ante esta situación denuncian desde o comité de empresa que o devandito punto de encontro non reúne as condicións mínimas para albergar aos traballadores e traballadoras que teñen o seu destino nesa base. O propio comité de empresa remitiu documentación ao respecto ao xefe territorial do Medio Rural sen que até o día de hoxe non só non se teñan solucionando senón que nin tan sequera ten habido unha comunicación ou contacto de ningún tipo con ese persoal.

Cabe sinalar que, se ben nesta ocasión estamos a falar dun punto de encontro específico, moitos dos problemas aquí referenciados son extensivos en maior ou menor medida a outros moitos puntos de encontro (nalgúns tense actuado e noutros aínda non ou non o suficiente) do SPDIF ao longo de todo o país, polo que non se pode falar dun caso puntual.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera que a Xunta está a cumprir coa súa función mantendo aberto un punto de encontro do SPDIF en Xinzo de Limia que non cumpre coas condicións necesarias para albergar ao persoal alí destinado?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 13/05/2022 12:48:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/05/2022 12:48:21

María del Carmen Aira Díaz na data 13/05/2022 12:48:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/05/2022 12:48:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

Exposición de motivos

Hai xa moitos anos que o número de granxas adicadas a produción cárnica ou leiteira vén diminuíndo no noso país. Para tomar como exemplo, segundo o IGE dende o 2018 ao 2020 perdéronse 2040 granxas de carne, 713 de leite, se tomamos en conta datas anteriores veremos que a perda foi moitísimo maior. Así no Estado español a perda foi de 75.000 explotacións agrogandeiras entre o 2009 e o 2020.

Entendemos que esta perda se produce en gran medida por xubilación dos seus propietarios, aínda que non está a ser a única causa, seguidos da ausencia de novas incorporacións, o que supón unha perda patrimonial importante máxime cando as granxas contan con avances tecnolóxicos actualizados.

O feito de non prestixiar adecuadamente a actividade agrogandeira, non acabar de facilitar a súa profesionalización, ou as continuas situacións de crises sen o apoio preciso, supón que perdamos a oportunidade de ter en funcionamento o número máximo de explotacións, e é por isto que ano tras ano o seu número descende a pasos axigantados.

No DOG do 21 de maio do 2021 veu de publicarse a Lei 11/2021 do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia, que recolle a figura do Banco de Explotacións, que queremos crer que será usado para o fomento das novas incorporación e consecuentemente a evitar a perda continuada das granxas galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero acontece que a punto de cumprirse un ano dende a publicación desta lei sen orzamento o Banco de Explotacións non está no panorama propagandístico do Goberno da Xunta, senón nunha zona de sombra xunto co Banco de Terras, é dicir non existe fisicamente, e polo tanto non cumpre coa función que na lei se lle encomenda mentres as explotacións pechadas están deteriorándose e as potenciais novas incorporacións perdendo a oportunidade de emprender actividades agrogandeiras.

Por isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé a Xunta poñer en funcionamento o Banco de Explotacións e con que orzamento?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/05/2022 10:10:33

María González Albert na data 16/05/2022 10:10:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 16/05/2022 10:10:43



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Hai aproximadamente un ano que a nova adxudicataria comezou a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada e escolar e son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia debido aos sucesivos incumprimentos do contrato, o que supón un grave problema para o normal desenvolvemento das xornadas vitais da cidadanía galega.

O transporte escolar é de máxima importancia para a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público, que debera funcionar escrupulosamente non só por ser unha das maiores ferramentas de conciliación de que dispoñen senón tamén porque os seus usuarios e usuarias son menores de idade.

Mais a realidade é que este contrato non está a funcionar como debera. Un exemplo dese mal funcionamento ocorreu no Concello de A Baña, onde o alumnado que o día 16 de maio acudía ao CPI San Vincenzo -cun total de 170 nenos e nenas escolarizados, a maior parte usuarios do transporte- quedou agardando nas paradas porque os autobuses non chegaron.

Falamos de decenas de menores que quedaron ese día sen xornada escolar porque o servizo de transporte público non chegou, pero tamén de moitas familias que ese día se viron prexudicadas nos seus traballos por ter que marchar para casa a coidar do seu fillo ou filla. As propias familias manifestan a súa inseguridade por se este incidente se volve repetir, dada a necesidade deste servizo.

A maiores, a nova concesión, cuxo contrato leva consigo unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias de todos os vehículos, mesmo incumprindo a actual normativa, sen que a Xunta de Galicia actúe supervisando o



seu estado: timbres que non funcionan, sistemas de climatización inexistentes, butacas rotas, falta de hixiene...

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal foi a razón de que o servizo escolar do CPI San Vincenzo de A Baña non funcionase o 16 de maio de 2022?

Pazo do Parlamento, 16 de maio do 2022

Asdo.: Noa Díaz Varela

Noelia Otero Lago

Patricia Otero Rodríguez

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/05/2022 11:00:32

Noelia Otero Lago na data 16/05/2022 11:00:41

Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2022 11:00:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa no Concello de Pazos de Borbén e as denuncias ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíamos a través dos medios de comunicación as denuncias presentadas por TREGA e a asociación Vellez Digna a respecto das condicións nas que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores ‘Mi Casa’ situada no Concello de Pazos de Borbén.

Nas súas denuncias, trasladadas ás Consellarías de Política Social e Sanidade, poñen de manifesto que:

1. A falta de persoal é a principal causa das condicións nas que se atopan as persoas usuarias. Neste senso, non se cubren as rateos mínimas en ningunha das quendas e habería persoal de limpeza desenvolvendo funcións de enfermaría sen a máis mínima formación nin autorización para levar a cabo ese traballo.

2. Por mor da falta de persoal a situación das persoas usuarias en termos hixiénico-sanitarios é pésima, cuestión que se agrava pola mala alimentación que se daría no centro.



Esta residencia aparece no RUEPSS como iniciativa privada con ánimo de lucro con inicio de actividade en 1998 e 58 prazas autorizadas das que 22 son financiadas pola Xunta de Galiza.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais**

Usuario/a Contraseña **CONECTAR** **SOLICITAR E RECORDAR CONTRASEÑA**

CENTRO

DENOMINACIÓN: RESIDENCIA MI CASA

ENTIDADE: RAPE S.L.

NÚMERO REXISTRO: E0925C001 ESTADO: CON PERMISO DE ACTIVIDADES

Xeral ☐ Servizos Complementarios ☐ **Prazas** ☐ Xestores - Usuarios/as ☐ Persoal ☐ Servizos e instalacións ☐ Imaxes ☐

Listaxe de prazas autorizadas

TIPO PRAZA / UNIDADE	NUM. PRAZAS / UNIDADES AUTORIZADAS	NUM. PRAZAS DISPONIBLES	PREZO MÁXIMO PRAZA / DÍA (euros)
ENFERMERÍA	3		0.00
DEPENDENTES HAB. DOBRES	56	5	58.93
DEPENDENTES HAB. INDIV.	2	0	58.93

TOTAL PRAZAS: 58

UNIDADES EN FUNCIONAMENTO:

Listaxe de prazas financiadas

TIPO	DESTINATARIOS	NÚMERO PRAZAS
RESIDENCIA	PERSONAS CON DEPENDENCIA	22

Outra información

OBSERVACIÓN:

A entidade xestora é : Rapesua S.L que xa fora obxecto dun expediente previo en 2017 por agochar residentes durante unha inspección en 2017 nun intento por esconder que albergaban máis usuarias e usuarios das legalmente autorizadas. Cuestión que foi trasladada naquela altura polo BNG ao Parlamento de Galiza

Para o noso grupo parlamentario estes feitos denunciados e a reincidencia da empresa na vulneración das súas obrigas mais sobre todo dos dereitos fundamentais das persoas usuarias urxen, máis unha vez, a necesidade de deseñar un novo modelo de residencias que poña no centro a vida e os dereitos das persoas maiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para impedir que esta situación se volva repetir nesta residencia ou en calquera outra?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2022 13:45:10

Alexandra Fernández Gómez na data 18/05/2022 13:45:15

María do Carme González Iglesias na data 18/05/2022 13:45:22

Iria Carreira Pazos na data 18/05/2022 13:45:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2022 13:45:37



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Galicia é a comunidade que lidera en España o sector pesqueiro e da acuicultura, concentra a metade da frota pesqueira do Estado e unha parte fundamental da acuicultura. Os nosos portos son base de barcos que lideran tanto as capturas de peixe fresco e marisco como a maior parte do conxelado que se consume en España. A tradición pesqueira galega e o sector industrial que leva aparelado converten Galicia na potencia do mar a nivel estatal e unha das principais rexións pesqueiras europeas.

Como todo sector económico, a pesca precisa dunha infraestrutura científica e técnica de apoio que lle permita innovar e seguir mellorando os procesos. Tamén niso Galicia é punteira. Á presenza en Vigo e A Coruña de dúas sedes do Instituto Nacional de Oceanografía (IEO) súmaselle, especialmente no caso vigués, a maior concentración de investigadores (Campus do Mar, IIM-CSIC, CETMAR, a Cooperativa de Armadores e outros centros de investigación como a propia Anfaco-Cecopesca) en temas relacionados coa pesca e coas ciencias do mar.

Cando o pasado 14 de abril se deu a coñecer o plan de descentralización do IEO impulsado polo Ministerio de Ciencia que propoñía que a sede central se mantivese en Madrid e dous dos seus centros de referencia, os de Pesquerías e Acuicultura, pasaran a radicarse en Cantabria e Murcia, o sector pesqueiro galego fíxose a seguinte pregunta: como é posible que a zona con maior frota e capturas non sexa a sede principal do IEO?

Galicia, polo tanto, ante esta proposta, non quedaría só sen a sede principal do IEO, senón que tampouco sería sede das dúas divisións máis importantes, cando o IEO xa conta en Vigo, co maior dos oitos centros repartidos por todo o litoral español e no seu porto teñen base os dous principais buques oceanográficos, o Ángeles Alvariño e o Ramón Margalef. Unha decisión, que dende este grupo parlamentario, cremos pouco razoable que é preciso avaliar.

Consideramos que o Ministerio de Ciencia debe de realizar unha reflexión máis profunda, como así nos consta que está a facer. A filosofía da descentralización ten un obxectivo claro: achegar a xestión aos administrados. Se máis do 50 % da



frota española se atopa en Galicia, o plan proposto parece que non se adecúa a este fin.

É urxente que o Ministerio de Ciencia revise a súa proposta consonte á realidade xeográfica e socioeconómica do sector. Só contando coa opinión de todos os actores e os criterios de eficiencia dos servizos públicos poderase cumprir o obxectivo dunha máis que necesaria aposta pola descentralización de organismo que, como o IEO, son estratéxicos para a pesca galega.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cal ou cales foron as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia de cara a acadar que Vigo sexa a sede central do IEO?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2022 16:18:40

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 17:26:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia a través de Portos de Galicia está a redactar o plan especial do porto de Cambados. Durante a súa tramitación, e consonte a un informe emitido por Costas do Estado (idéntico informe, por certo, que o emitido por Costas no ano 2013) xerouse a dúbida, con polémica partidista incluída por parte do PP de Cambados e da propia Consellería do Mar da Xunta de Galicia, sobre a caducidade das concesións de tres depuradoras situadas en Tragove.

Nesta ocasión, e a diferenza do que aconteceu no ano 2013, cando o PP de Cambados agochou o informe de Costas de 2013, o actual equipo de goberno púxose a traballar, en colaboración co sector mar-industria, coas administracións con competencia para resolver estas eivas, Xunta de Galicia e Goberno Central, de cara a poder continuar co plan especial do porto de Cambados e tamén en poder acadar unhas garantías e unha seguridade xurídica para que estas industrias tradicionais e estratéxicas poidan continuar con seguridade e legalmente no Dominio Público Marítimo Portuario.

O alcalde de Cambados fixo as xestións pertinentes con Costas do Estado e atopou unha vontade colaboradora por parte da súa directora xeral que lle explicou as solucións para poder continuar coa tramitación deste plan e transmitindo tamén que as concesións das depuradoras non corrían perigo, pero que no borrador que Portos de Galicia lle enviara ao seu Departamento debían de ser corrixiadas unha serie de consideracións técnicas do mesmo, así como debía de xustificarse que esas industrias teñen que permanecer onde están actualmente debido a súa vinculación co mar.

A cadea mar-industria, a corporación local e este grupo parlamentario cren necesario que por parte de Costas do Estado se emita un informe, para que o compromiso quede reflectido por escrito, no que se fixe o criterio e as condicións claras que garantan a continuidade destas instalacións en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Por outra banda, Portos de Galicia tamén ten que facer os seu deberes:



- Por un lado, seguindo co redacción do plan especial do porto de Cambados, mediante a rectificación das deficiencias técnicas detectadas e indicadas no propio informe de Costas, xustificando, as súa vez, a necesidade da radicación desas industrias no emprazamento actual no que se atopan dentro de Dominio Público Marítimo Portuario.

- Por outro lado, iniciar e axilizar a desafectación dos terreos que xa non teñen actividade portuaria, que teñen unhas características totalmente urbanas, para que pasen a titularidade municipal, e que xa foi solicitada hai máis de 6 anos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son as actuacións que vai a levar adiante a Xunta de Galicia de cara a continuar coa redacción do plan especial do porto de Cambados?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2022 17:36:09

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 17:36:26



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Xunta de Galicia a través de Portos de Galicia está a redactar o plan especial do porto de Cambados. Durante a súa tramitación, e consonte a un informe emitido por Costas do Estado (idéntico informe, por certo, que o emitido por Costas no ano 2013) xerouse a dúbida, con polémica partidista incluída por parte do PP de Cambados e da propia Consellería do Mar da Xunta de Galicia, sobre a caducidade das concesións de tres depuradoras situadas en Tragove.

Nesta ocasión, e a diferenza do que aconteceu no ano 2013, cando o PP de Cambados agochou o informe de Costas de 2013, o actual equipo de goberno púxose a traballar, en colaboración co sector mar-industria, coas administracións con competencia para resolver estas eivas, Xunta de Galicia e Goberno Central, de cara a poder continuar co plan especial do porto de Cambados e tamén en poder acadar unhas garantías e unha seguridade xurídica para que estas industrias tradicionais e estratéxicas poidan continuar con seguridade e legalmente no Dominio Público Marítimo Portuario.

O alcalde de Cambados fixo as xestións pertinentes con Costas do Estado e atopou unha vontade colaboradora por parte da súa directora xeral que lle explicou as solucións para poder continuar coa tramitación deste plan e transmitindo tamén que as concesións das depuradoras non corrían perigo, pero que no borrador que Portos de Galicia lle enviara ao seu Departamento debían de ser corrixiadas unha serie de consideracións técnicas do mesmo, así como debía de xustificarse que esas industrias teñen que permanecer onde están actualmente debido a súa vinculación co mar.

A cadea mar-industria, a corporación local e este grupo parlamentario cren necesario que por parte de Costas do Estado se emita un informe, para que o compromiso quede reflectido por escrito, no que se fixe o criterio e as condicións claras que garantan a continuidade destas instalacións en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Por outra banda, Portos de Galicia tamén ten que facer os seu deberes:



- Por un lado, seguindo co redacción do plan especial do porto de Cambados, mediante a rectificación das deficiencias técnicas detectadas e indicadas no propio informe de Costas, xustificando, as súa vez, a necesidade da radicación desas industrias no emprazamento actual no que se atopan dentro de Dominio Público Marítimo Portuario.

- Por outro lado, iniciar e axilizar a desafectación dos terreos que xa non teñen actividade portuaria, que teñen unhas características totalmente urbanas, para que pasen a titularidade municipal, e que xa foi solicitada hai máis de 6 anos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Cando vai a Xunta de Galicia atender a petición de desafectación feita polo Concello de Cambados, hai máis de 6 anos, relativa a aqueles terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2022 17:37:39

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 17:37:52



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Co gallo da celebración do Día da Familia e tras o discurso do Sr. Rueda no debate de investidura situando a familia como un dos tres eixos vertebradores do seu Goberno, a delegación galega da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) emitía un comunicado no que, entre outras cuestións, demandaba da Xunta de Galicia unha definición do modelo de familia monomarental, a creación do Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e medidas que favorezan a conciliación e a crianza.

Este modelo familiar é cada vez máis numeroso en Galicia, e en maior medida son as mulleres as que deciden ser nais sen necesidade de que exista outro proxenitor. Por iso dende o Grupo Socialista entendemos que para que non exista unha maior discriminación, as políticas do Goberno galego debe pór o foco noutros modelos familiares, que foxen dos tradicionais.

En efecto, a lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, xa recollía que as familias monomarentais e monoparentais son de “especial consideración”, e a lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, inclúe un artigo dedicado a este modelo familiar:

Artículo 40. Especial consideración das familias monoparentais.

- 1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.*
- 2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*

Mais pasado xa máis dun ano da aprobación desta lei non se materializou ese plan de apoio a estas familias e moito menos o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais Galegas, algo que puxo xa de manifesto en varias ocasións o Grupo



Parlamentario Socialista e que non atopou unha resposta satisfactoria da Consellaría de Política Social.

Con respecto ao rexistro, a Xunta aduce que están á espera da aprobación da lei estatal de diversidade familiar e así evitar “conflitos” entre a normativa estatal e autonómica. Pero, tal e como explica a MSPE, isto non foi impedimento para modificar os criterios de acceso ao certificado de familia monoparental ou monomarental.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cando pensa o Goberno galego dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/05/2022 16:14:44

Noelia Otero Lago na data 18/05/2022 16:14:57

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 16:15:08

Marina Ortega Otero na data 18/05/2022 16:15:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falta de previsión da Xunta de Galiza ante a campaña de alto risco 2022 e a escaseza de medidas de prevención.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A prevención faise todo o ano”. Esta máxima repetida até a saciedade polo Bloque Nacionalista Galego durante os últimos anos e desprezada campaña tras campaña por unha Xunta de Galiza que, pese á propaganda, persiste en cada Orzamento en destinar máis recursos a extinción que a prevención, converteuse no novo mantra publicitario da Consellaría do Medio Rural nos últimos meses.

O departamento de Medio Rural mudou así nos últimos meses o seu perfil público e insiste na publicidade dunhas medidas preventivas ante os lumes que, desgrazadamente, non se corresponden coa execución de políticas reais por parte do departamento.

Así, entre outras moitas cuestións, un ano máis asistimos a unha campaña na que máis de 1.000 traballadoras e traballadores que fan parte do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais continúan cun contrato de 6 meses que supón a súa incorporación efectiva ao Servizo na segunda quincena do mes de maio cando, por exemplo, as queimas de particulares están prohibidas desde o primeiro venres do mes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ante a previsión dun ano complicado cara os lumes tras un inverno e unha primavera inusualmente secos.

Deste xeito os propios bombeiros e bombeiras teñen denunciado publicamente a falta de previsión un ano máis no que non se contou con case mil traballadores para realizar labores preventivos e poder no verán mitigar os efectos do lume, verán que se prevé que sexa adverso e seco.

Resulta especialmente grave esta falta de previsión e a perda de tempo ao longo do inverno para poder executar labores de prevención cando o risco de lumes tan virulentos como os de 2017 planea sobre esta campaña.

Ante esta situación é incomprensíbel que a Xunta de Galiza reincida na súa política de non profesionalización do SPDIF e persista nos contratos en precario de 6 e 9 meses mantendo como traballadores/as fixos/as discontinuos/as a un persoal que debía estar traballando durante 12 meses e ocupando boa parte dese tempo en labores de prevención.

Un ano máis, e ante a falta de persoal propio, a Consellaría do Medio Rural ten insistido na sinatura de contratos para tratamentos silvícolas na prevención de incendios forestais con empresas privadas que, en só dúas convocatorias, teñen costado nesta campaña máis de 6 millóns de euros mentres se mantén precarizado e non profesionalizado o servizos propio.

A administración galega tería que ser exemplificadora nesta materia e ser realmente proactiva na limpeza da biomasa en lugar de manter unha actitude que só pretende ser impositiva cos particulares e responsabilizalos case en solitario do mantemento dun territorio abandonado e con graves dificultades de supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido as directrices feitas públicas en referencia ás liñas mestras da futura Lei de Incendios Forestais non semellan resolver esta problemática e máis ben ao contrario semellan afondar na división do servizo e nunha maior precarización.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que se debe que a Xunta de Galiza insista en manter precarizado o persoal do SPDIF con brigadas de 6 e 9 meses mentres se externalizan as labores de prevención nunha campaña de incendios que se prevé complicada?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 19/05/2022 09:49:12

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 09:49:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 09:49:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Ruta dos Muíños e das Idades da Historia no concello de Rodeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rodeiro é un concello con un enorme patrimonio arqueolóxico, cultural e natural, castros, mámoas, Vila romana, carballeiras, recursos hídrico, pazos, torres medievais e casonas.

Para poder admirar este patrimonio construíronse varios roteiros de sendeirismo. Un deste roteiros é a "Ruta dos Muíños e das Idades da Historia" que vai até o lugar de Outeiro, parroquia de Fafián. Este lugar de Outeiro é unha aldea pintoresca con casas de pedra, seis hórreos e un entramado de camiños públicos, parte deles en terra e outra parte cimentados, que lle confiren singularidade a este núcleo no que tamén se atopan as ruínas dun vello casal con torreón, chamado a Tulla de Fafián.

Como aldea singular toda ela ten un grao de protección de Patrimonio que obriga a propietarios de inmobles a conservar a tipoloxía da zona e debería obrigar ás administracións públicas a conservar a rede de camiños públicos interna que dende sempre configurou este lugar.

Os elementos que fan que este lugar estea integramente afectado por patrimonio son os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A Tulla de Outeiro, Fafián. De orixe medieval. Inicialmente debeu ser unha torre defensiva, pero non hai documentación ata o S. XVI. Segundo publicacións especializadas de Xenealoxía, aTulla foi residencia da fidalguía, en concreto de Rui Fernández Nogueiro, Xuíz das Terras de Camba e Rodeiro e neto de Diego de Lemos señor de Sober Amarante e Ferreira, un dos 3 dirixentes irmandiños que comandaron as revoltas entre 1467 e 1469 xunto con Pedro Osorio e Alonso de Lanzós. No século XVIII pasa a ser punto de recadación de rendas e almacén de millo.

Consta dunha planta cadrada de perfecta sillería a modo de Torre. En dúas plantas con vanos de medio punto pareados. Actualmente atópase en estado de abandono e ruína o que significa un incumprimento do deber de conservación previsto no artigo 32 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia e tipificado como infracción grave.

A Tulla de Fafián consta en Patrimonio con propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como “en investigación”,

2. Casa de Mariano. De protección integral. Trátase dunha casona de labranza que data de 1520, con dous hórreos, un deles data de 1870. Desta mesma data a eira de mallar de cantería. Todos estes elementos están en perfecto estado de conservación.

3. Pombal circular asentado enriba dun gran penedo, perfecto estado de conservación.

4. Seis hórreos dos que 3 están catalogados por patrimonio, dous da casa do Mariano e o da casa do Moganga con elementos ornamentais nas columnas de pedra.

5. Finalmente atopamos, a escasos metros deste núcleo, a **Vila Romana de Porta de Arco**. Pese a ser unha referencia para calquera estudo, continua sendo a gran



descoñecida. Escavada en 1972 descubríronse os máis importantes restos dunha vila romana na Galiza central: tégulas, cerámicas, vidros finísimos, bronces, bases de columnas, que forman parte dun material valiosísimo, actualmente no museo de Pontevedra.

Todos estes elementos están unidos pola **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia**, financiada con cartos públicos, perfectamente sinalada como sendeiro local, coas marcas branca e amarela e paneis informativos. Esta ruta, ao seu paso por Outeiro, vai por un camiño público perfectamente delimitado entre muros de pedra tradicionais pertencentes á Torre da Tulla e outra propiedade privada e dous vellos castiñeiros que lle confiren unha singularidade especial.

Actualmente esta zona atópase en proceso de concentración parcelaria, fase e segundo os planos expostos implica cambios que non están xustificadas desde o punto de vista da configuración deste núcleo e da veciñanza.

1. O camiño e roteiro **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia** hoxe de carácter público, vai pasar a mans privadas. A veciñanza teme que ao pasar a mans privadas se peche, entorpeza as súas labores cotiás, inutilice un roteiro público e aumente o feísmo no lugar. As únicas propiedades que están en ruínas no lugar son as pertencentes a esta familia que aparte de non velar pola conservación das súas propiedades e do patrimonio cultural galego, fai actuacións pouco acordes coa protección dos bens catalogados como colocar aramadas arredor da Tulla.

Por outra banda, se temos en conta que a lei de solos de Galiza contempla entre as actuacións prohibidas dentro do solo de núcleo rural, entre outras, o derribo de muros tradicionais, os sendeiros e as parcelacións que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo, non se entende que este camiño e sendeiro pase a mans privadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Tulla de Fafián consta en Patrimonio como propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como propiedade en “investigación”. Na concentración parcelaria do Val de Camba outórgaselle a titularidade desta Tulla á Sra Lorenzana para o que sería imprescindible a achega da documentación acreditativa que xustifique tal propiedade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón pola que tódolos elementos de alto valor patrimonial descritos na parte expositiva desta iniciativa non figuran nos planos de concentración coma propiedade común, é dicir, pública?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2022 10:11:46





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 10:11:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 numerosos espazos, tanto naturais como instalacións acuáticas, non puideron abrir ao público pola imposibilidade de atopar persoal capacitado para prestar servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios, a pesar de existir inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza un número de persoas abondo para poder atender todos os espazos existentes en Galiza.

Ante tal situación a Xunta de Galiza decidiu regular novamente as condicións necesarias para o exercicio profesional das actividades de salvamento, socorrismo acuático e de primeiros auxilios nos espazos naturais e instalacións acuáticas de Galiza, o que realizou mediante o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, publicado no DOG núm.216 do 10 de novembro de 2021.

Aínda que facilitar a posibilidade de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas, sen que en modo algún poda implicar unha relaxación dos requirimentos e da capacitación profesional para prestar un servizo tan importante para a seguridade das usuarias dos espazos acuáticos de Galiza, pode contribuír a incrementar o número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas aptas para a prestación do servizo; como queda acreditado coa relación entre inscritas no Rexistro e traballadoras contratadas, estou non é abondo para garantir a súa presenza nos espazos acuáticos de Galiza. Seguramente impedir a precarización das traballadoras, e a estabilidade e dignificación do traballo é o vieiro necesario para a cobertura do servizo nos diferentes espazos acuáticos de Galiza e que o mesmo sexa prestado nas condicións de seguridade e profesionalidade que a exige a protección das persoas usuarias.

Asemade a existencia de eventuais discrepancias entre a regulación actual e os requirimentos que en tempos anteriores posibilitaban o exercicio da actividade de socorrismo e salvamento acuático provocou inseguridade nas entidades contratantes deste servizo esencial para a apertura destes espazo de lecer e práctica deportiva, así como nos propios profesionais do sector.

E por iso a fin de clarexar a existencia dalgunha das disparidades que a vixente normativa xa está a producir, así como coñecer a efectiva resolución dos problemas que impediron que parte da cidadanía de Galiza non puidese desfrutar moitas das persoas dos espazos acuáticos de Galiza, o que tamén limita a oferta turística e de lecer de moitos lugares de Galiza, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que a modificación normativa aprobada en outubro de 2021 vai garantir no 2022 a prestación do servizo de socorrismo e salvamento na totalidade dos espazos acuáticos de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2022 11:52:20

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 11:52:23

Iria Carreira Pazos na data 19/05/2022 11:52:32



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, deputado-portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Con data 9 de maio de 2022 preséntase escrito no Parlamento de Galicia da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias no que se solicita a retirada do documento con número de rexistro 34556 que se corresponde co proxecto de lei de áreas empresariais por un erro material.

Cal é o erro material que provocou a retirada do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2022

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/05/2022 12:38:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de ataque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ningún acerte a comprender quen e como se permiten.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba á Xunta a:

-“Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

-Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

-Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona”.

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai iniciar, ou continuar se é o caso, as accións necesarias para facerse coa titularidade pública da Illa da Creba?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 12:00:05

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 12:00:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 19/05/2022 12:00:23



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A veciñanza do núcleo urbano de Meicende na parroquia de Pastoriza en Arteixo, un dos núcleos máis poboados deste concello, levan anos reivindicando a posta a disposición dalgún médico en quenda de tarde no seu centro médico para darlle cobertura as múltiples traballadoras e traballadores que teñen problemas para acudir ao médico en horario de mañá por motivos laborais.

Ademais desa reivindicación histórica da veciñanza de Meicende que non semella preocuparlle á Consellería de Sanidade, nos primeiros meses do verán 2020, observamos como se eliminaba o servizo de pediatría do consultorio do dito núcleo urbano, derivando os seus usuarios ao Centro de Saúde de Vilarrodís do mesmo concello, algo que posteriormente foi modificado pola denuncia feita pública polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Arteixo que fixo que se repuxese o servizo de pediatría algúns días á semana, compartindo o dito servizo co Centro de Saúde de Vilarrodís.

Dende a posta en marcha do Centro de Saúde de Vilarrodís, moitos dos usuarios do consultorio de Meicende e do Centro Médico de Arteixo foron derivados a este novo centro de saúde e coa súa apertura non se produciron incrementos nos servizos que a Consellería de Sanidade daba aos usuarios no dito concello, facendo unha simple recolocación de médicos de familia, especialistas e persoal sanitario ao novo centro.

A cidadanía da parroquia de Pastoriza e máis en concreto do núcleo de Meicende segue a insistir na presenza dalgún dos seus médicos en quenda de tarde e está moi preocupada pola posible perda do servizo de pediatría no seu consultorio e ten medo a que a Consellería de Sanidade desexe baleirar de servizos o consultorio derivando aos seus pacientes cara ao Centro de Saúde de Vilarrodís.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Está estudando a Consellería de Sanidade a introdución dalgún médico en quenda de tarde no dito consultorio?





Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 19/05/2022 16:28:21

Julio Torrado Quintela na data 19/05/2022 16:28:35

Marina Ortega Otero na data 19/05/2022 16:28:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) nace, segundo reza na definición da mesma lei para buscar un xeito de mellorar as explotacións económica e tecnicamente para un desenvolvemento máis racional da agricultura.

Entre outras finalidades destaca a pretensión de conseguir un máximo aproveitamento agrario da zona e non soamente un menor número de parcelas pasando así a segundo termo o índice de redución e primando a viabilidade das explotacións. Para este fin a METAGA acentúa a importancia do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos.

A realidade amósanos que esta medida que debера ser a guía e veo sobre o que xirase todo o proceso é na realidade unha opción menor que algúns técnicos teñen en conta... non lle ven utilidade e non lles resulta cómoda.

A data de hoxe e dentro desa sucesión de malas novas para o abastecemento de insumos tanto para a poboación coma para a gandería xorde estes días a suspensión de exportación de trigo do segundo exportador mundial, India, polo que o futuro e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carestía está asegurada segundo din os expertos, entre eles a FAO de recoñecido prestixio e solvencia. Disque 47 millóns de seres humanos sumaranse este ano á bolsa dos que pasan fame no mundo.

A brutal suba de prezos dos cereais e as dificultades no subministro debido á dependencia externa do noso país (Galicia) aconsellarían unha posta en cultivo da terra agraria cun mínimo de vocación cerealista.

A realidade amósanos que unha boa parte dos procesos de concentración parcelaria finalizados ultimamente están sendo plantados a eucalipto ignorando estas necesidades (claro que o goberno galego nada fai por promocionar o seu cultivo) e vulnerando esa “moratoria” que xa no seu momento en vez de inhibir o que fixo foi incentivar a plantación desta especie.

Supoñemos que unha vez máis estes feitos ilegais e irracionais non son corrixidos de oficio e o goberno non sendo consciente (o seu equivalente é inconsciente) desta dupla ilegalidade, non ten prevista ningunha medida para evitar que o custoso investimento público nos procesos de reestruturación da propiedade, no sexa dilapidado para outros fins.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É consciente o goberno galego de que se están facendo plantacións forestais con eucalipto en zonas de recente finalización de procesos de concentración parcelaria, en terra de vocación agrícola, vulnerando a legalidade?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 16:43:25

María González Albert na data 19/05/2022 16:43:27

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 16:43:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos do IGE poñen de manifesto o diferente comportamento que presenta o uso do galego ao longo das diferentes comarcas galegas.

Os datos que ofrece ao longo do último lustro analizado o IGE (2013-2018) presentan comarcas con dinámicas sociolingüísticas diverxentes.

Así, por exemplo, mentres áreas como Arzúa, Melide, Ordes, Costa da Morte ou Barbanza-Noia presentan unha maior consolidación no uso, achegándose no último caso a un 12%, mesmo entre a mocidade, outras como Vigo, Ourense, Santiago ou O Carballiño-O Ribeiro presentan un decrecemento que chega até o -10,9%.

Con todo, estes datos locais non anulan os preocupantes valores da tendencia xeral que seguen a comprometer a vitalidade da lingua galega. Sirva como exemplo o recente estudo sociolingüístico da RAG sobre o concello de Ames que confirma o avance dunha progresiva e acentuada substitución lingüística que, ademais, pode ser un reflexo doutras moitas fotografías da nosa lingua nos ámbitos periurbanos que adoitan concentrar maiormente a poboación galega nos últimos anos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, a xuízo dos especialistas en sociolingüística, conclúe que ao cabo dunha ou dúas xeracións o uso habitual do galego pode desaparecer.

Unha situación reforzada pola cativa presenza do galego na escola e mais nos ámbitos de lecer e socialización da infancia e mocidade que transmite o papel hexemónico do castelán fronte a invisibilidade do galego.

Desta análise conclúese que é determinante e urxente elaborar un plan de normalización lingüística que permita actuar de forma local coas ferramentas adecuadas a cada contorna sociolingüística, con obxectivos concretos para cada área e onde se implique o conxunto da comunidade fortalecendo a rede de apego á lingua.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a pór en andamento a Xunta para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/05/2022 17:06:31

Daniel Castro García na data 19/05/2022 17:06:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/05/2022 17:06:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Carme González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do innegábel potencial que atesoura Galiza dende o punto de vista turístico, o Camiño de Santiago e o Xacobeo constitúen sendos produtos de primeiro nivel, cun peso específico moi importante no desenvolvemento económico do tecido empresarial galego que se move dentro das coordenadas do sector turístico.

Esta afirmación, que non fai senón constatar unha realidade, non empece que dende o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego levemos anos insistindo en que é imprescindible mudar o modelo turístico galego.

Pero para mudar ese modelo é necesario que dende a Xunta de Galiza se aposte, en serio, por unha necesaria diversificación da oferta, que amose todas aquelas zonas do país con potencial turístico.

Aposte tamén por acadar que o turismo se conciba como unha actividade transversal, o que esixiría que as actuacións no territorio, as ferramentas de ordenación urbanística, a defensa e protección da paisaxe ou mesmo as políticas de reactivación económica deben levarse a cabo dándolle un papel principal á actividade turística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transversalidade que precisaría que o goberno galego asumise todas as competencias posíbeis en canto a conectividade terrestre, marítima e aérea.

Ademais do anterior, outro dos obxectivos do novo modelo turístico que defendemos sería acadar a sustentabilidade real do mesmo, que esixe que a actividade turística respecte a integridade da nosa cultura, os procesos ecolóxicos esenciais e a diversidade biolóxica.

Un cambio de paradigma que non suporía renunciar a dous valores turísticos como é o Camiño de Santiago e o Xacobeo, senón que aínda os reforzaría. Pero xa no marco nun novo modelo que non agoche o resto das inmensas potencialidades turísticas da Galiza.

Só así o Xacobeo se converterá nunha auténtica panca de desenvolvemento económico, cultural, social e territorial do noso país.

Un novo modelo que, tamén hai que dicilo, desterre a instrumentalización política que se fai do Xacobeo.

O paradigma desa instrumentalización atopámolo na recente adxudicación por parte da Axencia de Turismo de Galiza de varios contratos privados de patrocinio publicitario para promocionar o Ano Xacobeo 2021-2022.

O investimento en promoción é imprescindible para acadar o obxectivo de que Galiza se converta nun destino turístico consolidado, pero o censurábel é empregar importantes cantidades de diñeiro público coa finalidade de facer proselitismo político.

Ao tempo que se conculca a Lei de Normalización Lingüística da Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lei que no seu artigo 19 establece que o Goberno galego “prestará apoio económico e material aos medios de comunicación non incluídos no artigo anterior (artigo 18, sobre os medios de titularidade pública) que empreguen o galego dunha forma habitual e progresiva”.

A través deses contratos privados de patrocinio, a Axencia de Turismo de Galiza contratou publicidade maiormente en medios nos que o problema xa non é que o uso da lingua galega sexa testimonial (que tamén), senón que se trata de medios que habitualmente, e cun sesgo claramente político, deturpan o galego.

Co que dificilmente se pode entender que o Xacobeo se está a empregar co obxectivo de fomentar o desenvolvemento cultural e social do noso país, fixado no Plan Estratéxico do Xacobeo.

Todo isto ao tempo, ademais, que a Xunta de Galiza exclúe da liña de axudas á prensa escrita a medios que empregan o galego de xeito habitual (ou mesmo masivo).

Outro exemplo da instrumentalización política á que nos referimos son as recentes declaracións do novo Presidente da Xunta realizadas ao albur da visita privada do rei emérito (personaxe de dubidosa catadura moral, baixo sospeita constante de casos de corrupción pendentes de explicación pública e cunha causa civil aberta no reino Unido e derivada dunha demanda de acoso) a Sanxenxo.

O señor Rueda non dubidou en cualificar esa visita de “magnífica noticia”, que suporá, nas súas palabras, un reclamo non só para Sanxenxo, senón para Galiza dende o punto de vista do turismo, da afluencia e de poñernos no mapa”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Declaracións que non compartimos en absoluto e que constatan, máis unha vez, a instrumentalización política e concepción deturpada que o Partido Popular e o goberno galego ten do turismo. Declaracións desafortunadas que fraco favor lle fan ao sector.

A actividade turística esixe e merece un goberno que a potencie e promocióne dende parámetros de calidade, profesionalización, diversificación, sustentabilidade e transversalidade.

Escapando, en resumo, da concepción partidista e minorada que o goberno galego ten do sector, que lastra o seu innegábel potencial e a súa proxección como destino consolidado non só a nivel estatal, senón tamén internacional.

Só así a Xunta de Galiza acreditaría realmente no turismo como unha verdadeira panca de desenvolvemento económico para o país.

Por todo isto formúlase a seguinte preguntas para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que a recente visita do rei emérito a Sanxenxo constitúe un reclamo dende o punto de vista do turismo e permite colocar a Galiza no mapa?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 19/05/2022 18:24:37

Ramón Fernández Alfonso na data 19/05/2022 18:24:41

Daniel Pérez López na data 19/05/2022 18:24:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación na que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores Mi Casa no Concello de Pazos de Borbén e as denuncias ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola gravidade dos feitos denunciados que afectan os dereitos fundamentais das persoas maiores e a necesidade de que o Parlamento se pronuncie ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecíamos a través dos medios de comunicación as denuncias presentadas por TREGA e a asociación Vellez Digna a respecto das condicións nas que se atopan as persoas usuarias da residencia de maiores 'Mi Casa' situada no Concello de Pazos de Borbén.

Nas súas denuncias, trasladadas ás Consellarías de Política Social e Sanidade, poñen de manifesto que:

1. A falta de persoal é a principal causa das condicións nas que se atopan as persoas usuarias. Neste senso, non se cubren as rateos mínimas en ningunha das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quendas e habería persoal de limpeza desenvolvendo funcións de enfermaría sen a máis mínima formación nin autorización para levar a cabo ese traballo.

2. Por mor da falta de persoal a situación das persoas usuarias en termos hixiénico-sanitarios é pésima, cuestión que se agrava pola mala alimentación que se daría no centro.

Esta residencia aparece no RUEPSS como iniciativa privada con ánimo de lucro con inicio de actividade en 1998 e 58 prazas autorizadas das que 22 son financiadas pola Xunta de Galiza.

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL | **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais**

Usuario/a: Contraseña: **CONECTAR** | **SOLICITAR E RECORDAR CONTRASEÑA**

CENTRO

DENOMINACIÓN: RESIDENCIA MI CASA
ENTIDADE: RÁPESUA S.L.
NÚMERO REXISTRO: E0925C001 ESTADO: CON PERMISO DE ACTIVIDADES

Xeral | Servizos Complementarios | **Prazas** | Xestores - Usuarios/as | Persoal | Servizos e instalacións | Imaxes

Listaxe de prazas autorizadas

TIPO PRAZA / UNIDADE	NUM. PRAZAS / UNIDADES AUTORIZADAS	NUM. PRAZAS DISPONIBLES	PREZO MÁXIMO PRAZA / DÍA (euros)
ENFERMERÍA	3		0.00
DEPENDENTES HAB. DOBRES	56	5	58.93
DEPENDENTES HAB. INDIV.	2	0	58.93

TOTAL PRAZAS: 58
UNIDADES EN FUNCIONAMENTO:

Listaxe de prazas financiadas

TIPO	DESTINATARIOS	NÚMERO PRAZAS
RESIDENCIA	PESOAS CON DEPENDENCIA	22

Outra información

OBSERVACIÓN:

A entidade xestora é : Rapesua S.L que xa fora obxecto dun expediente previo en 2017 por agochar residentes durante unha inspección en 2017 nun intento por esconder que albergaban máis usuarias e usuarios das legalmente autorizadas. Cuestión que foi trasladada naquela altura polo BNG ao Parlamento de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o noso grupo parlamentario estes feitos denunciados e a reincidencia da empresa na vulneración das súas obrigas mais sobre todo dos dereitos fundamentais das persoas usuarias urxen, máis unha vez, a necesidade de deseñar un novo modelo de residencias que poña no centro a vida e os dereitos das persoas maiores.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

- Como valora a Xunta de Galiza o actual modelo de residencias de maiores?
- E especificamente a situación na que se atopan as persoas usuarias da residencia Mi Casa en Pazos de Borbén?
- Tiña coñecemento desta situación o Goberno galego previamente ás denuncias presentadas por TREGA e Vellez Digna?
- Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galiza a esta residencia nos últimos cinco anos? Que irregularidades detectou? Abríuselle algún expediente sancionador? En caso afirmativo, cantos e por que razón?
- Impúxoselle algunha sanción á empresa polas irregularidades detectadas en 2017 tanto polos servizos de inspección como a Garda Civil?
- De ser así cal e con que contía?
- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para impedir que esta situación se volva repetir nesta residencia ou en calquera outra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/05/2022 13:40:24

Alexandra Fernández Gómez na data 18/05/2022 13:40:30

María do Carme González Iglesias na data 18/05/2022 13:40:41

Iria Carreira Pazos na data 18/05/2022 13:41:05

María Montserrat Prado Cores na data 18/05/2022 13:41:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o traslado dunha paciente en padiola polas rúas do Rosal pola ausencia de ambulancias.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre e o sucedido o 20 de maio no centro de saúde do Rosal e da situación da sanidade pública no Baixo Miño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 20 de maio volveron evidenciarse os recortes na sanidade pública que a veciñanza do Baixo Miño leva meses denunciando. Nesta ocasión, unha paciente cunha doenza cardíaca grave, tivo que ser trasladada co persoal sanitario empuxando a cama polo medio das rúas do Rosal, ao non haber dispoñibilidade de ambulancia.

Esta situación de deterioro da sanidade pública que leva meses a ser denunciada pola sociedade condenou aos sanitarios a non ter máis alternativa que trasladar unha doente polo medio das rúas da vila. Máis o verdadeiramente grave da situación é que esta doente, tivo que ter atendida por unha médica xubilada, que xa rematara o seu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo e que, dado que a outra médica do centro de saúde tivera que saír a unha urxencia, decidiu por vontade propia ficar no centro de saúde. Unha situación que de non ser pola responsabilidade e a dedicación desta médica xubilada (que non ten encomendadas este tipo de funcións) podería ter rematado de xeito fatal para esta doente.

Pero por se isto non fose grave dabondo, a falta de ambulancias implicou que se tivesen que habilitar un protocolo de emerxencias, que motivou o episodio dos sanitarios empuxando a cama polo medio das rúas e mobilizou tamén os servizos de Protección Civil e da Policía Local, que escoltaron o traslado até o lugar no que aterrara un helicóptero do 061. Un helicóptero que despois dunha primeira aterraxe no campo de fútbol da Mata tivo remontar o voo e volver aterrizar nun estacionamento público máis próximo ao centro de saúde.

Estamos polo tanto ante unha situación que puxo en risco a vida da doente e que se produciu en primeira instancia pola falta de médicos no centro de saúde do Rosal e despois porque unha vez máis a ambulancia do Rosal saíra con outra emerxencia até o Hospital Álvaro Cunqueiro, a de Tomiño estaba noutro servizo na Guarda e a de Tui estaba fóra da zona. Realidade esta que dado o carácter periférico desta comarca e o tempo de traxecto até o hospital viña sendo advertida dende hai meses, e mesmo anos, por veciños e profesionais sanitarios.

É por isto que os profesionais sanitarios volveron denunciar nestes días que en casos como o do Rosal «o tempo é crucial para salvar, non só a vida das persoas, senón unha adecuada funcionalidade»

A necesidade dunha ambulancia medicalizada, tal e como se leva reivindicando dende hai meses para o Baixo Miño é unha evidencia. Na actualidade, a máis próxima



atópase en Mos e a proba máis clara desta necesidade é que só no que levamos de mes, o helicóptero do 061 tivo que acudir en catro ocasións até esta área.

Por todo o exposto anteriormente e ante os riscos que esta situación está a provocar na poboación do Baixo Miño, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

. Como valora o goberno galego o acontecido o pasado venres 20 de maio no Rosal co traslado dunha paciente polas rúas do concello pola falta de ambulancias?

. Que medidas ten pensado levar adiante o goberno galego para resolver os problemas da sanidade pública no Rosal?

. Considera o goberno galego que a situación vivida no centro de saúde do Rosal, no que de non ser pola responsabilidade e adicación da médica xubilada poderíamos estar a falar de consecuencias fatais, é aceptable?

. Vai o SERGAS dotar a sanidade pública do Baixo Miño de ambulancia medicalizada?

. Vai A Xunta de Galiza cubrir as baixas e ausencias de persoal e dotar os centros de saúde do Baixo Miño do persoal necesario?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/05/2022 12:24:33

Iria Carreira Pazos na data 23/05/2022 12:24:44

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2022 12:24:56

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2022 12:25:08



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

As necesidades de actuacións nos centros educativos galegos son constantes, nuns casos para mellorar a adecuación das propias instalacións aos estándares mínimos esixibles e noutros para mellorar aspectos como a propia accesibilidade ou incrementar o confort da comunidade escolar.

A rede de centros públicos dedicados ás ensinanzas de Infantil e Primaria da nosa comunidade autónoma conta cunha antigüidade aproximada de 40 anos, na maioría dos casos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deba proceder á reposición e as reformas integrais dos centros educativos.

Dentro dos orzamentos desta consellería existe o Programa 422A -Educación Infantil, Primaria e ESO de reparacións, ampliacións e melloras cunha dotación de 5.000.000 € para o ano 2022 en previsión de levar a cabo actuacións nos centros escolares. Entre os obxectivos deste programa está paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.

No caso dos centros educativos do Concello de Baiona existen demandas dende hai anos para que se leven a cabo actuacións de mellora, que se poden concretar do seguinte xeito:

1. Dende o CEIP Fontes-Baíña veñen reclamando desde fai tempo varias reparacións no seu centro: o cambio do portalón de acceso ó colexio, a instalación dunha potabilizadora para o centro para garantir o consumo da auga, porque a que teñen non funciona ben e pechar unha das fachadas do pavillón escolar.
2. Desde o CEP Sabarís demándase o arranxo urxente da cuberta e o peche de fachadas do pavillón, xa que filtran auga.
3. No caso da EEI O Areal está pendente da inversión de 250.000 € dende fai anos para a ampliación e mellora do seu espazo.



Estas reclamacións feitas por ANPA e equipos directivos son incumpridas reiteradamente pola Administración autonómica. A comunidade educativa está farta de promesas que nunca se fan realidade por parte da Xunta de Galicia; estes centros son un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico en materia educativa.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2022 as demandas ás que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda polo Goberno autonómico, o que pon de manifesto o mínimo interese polas reformas destes centros educativos de Baiona por parte do Executivo autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia acometer estas obras tan necesarias no CEIP Fontes-Baíña, no CEP Sabarís e na EEI O Areal pertencentes ó municipio de Baiona?
2. Como valora o Goberno Galego o estado actual das instalacións destes centros educativos da vila de Baiona?

Pazo do Parlamento, 12 de maio do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/05/2022 09:46:56

Noelia Otero Lago na data 13/05/2022 09:47:04

Noa Susana Díaz Varela na data 13/05/2022 09:47:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a sinistralidade laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de abril celebrouse o día mundial da seguridade e saúde no traballo. No Bloque Nacionalista Galego entendemos que todos os días do ano son días para reivindicar e loitar polo dereito a que as persoas traballadoras podan desenvolver a súa actividade laboral nunhas condicións saudábeis e de seguridade. Compartimos a idea de que os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino, nin da casualidade nin da mala sorte, senón que son resultado de causas específicas, identificábeis e, polo tanto, que se poden evitar.

Na Galiza danse unha serie de factores, algúns endóxenos do noso país e outros, compartidos co resto do territorio do Estado, que fan da sinistralidade laboral unha cuestión que necesariamente debe ser abordada dende as administracións públicas con carácter urxente. Ao igual que no resto do Estado, a prevención no noso país está maiormente externalizada, polo que son as empresas as que encargan e contratan a súa prevención a entidades privadas especializadas, o que provoca que as empresas non son en moitos casos suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores. Por desgraza, tamén compartimos unha lexislación e normativas ineficientes, que as empresas, polo xeral, implementan dun xeito laxo e meramente formal. Ao que hai que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sumarlle a inexistencia dunha cultura preventiva real, que impide que a prevención se integre en todos os estamentos e actividade das empresas.

Esa falla de cultura preventiva hai que poñela en relación directa no noso país coa inoperancia e a falla de vontade política amosada polos diferentes gobernos do Partido Popular en materia de Prevención de Riscos laborais. O que se traduce na práctica nunha insuficiente inversión pública e privada en materia de Prevención. Ese desleixo da Xunta de Galiza provocou que o noso país se atope nos postos máis altos do ranking de accidentes graves e mortais de todo o Estado español, cunha incidencia que duplica a media estatal neste tipo de accidentes.

Con datos pechados do ano 2021, chama a atención que as mortes laborais por infartos, derrames e outros accidentes cardiovasculares se teñan incrementado nun 78% en comparación co 2020, e que se incrementara a sinistralidade laboral total nun 18,3% tras a volta á normalidade post-pandémica. Pero é que só nos meses de xaneiro e febreiro do presente ano, na Galiza volvemos a liderar na sinistralidade laboral con resultado de morte de entre todas as Comunidades Autónomas (29 falecidos), que supoñen o 21% do total de mortes por accidente laboral de todo o Estado español neste período.

Para reverter esta situación e así protexer con maior efectividade a saúde e a seguridade laboral dos traballadores galegos, faise imprescindible unha actuación decidida do goberno galego, que parta da premisa de que para atallar un problema que xa é estrutural, débense ter en conta as particularidades e especificidades da nosa realidade preventiva e laboral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- Considera o Goberno galego que as medidas e políticas adoptadas até o de agora en materia de Prevención de Riscos Laborais foron efectivas para reducir a sinistralidade laboral?

- Como valora o Goberno galego os datos de sinistralidade laboral dos últimos cinco anos?

- Considera necesario incrementar o número e as competencias de inspección dos Técnicos/as Habilitados/as dependentes do ISSGA?

- Considera necesario aumentar e optimizar a coordinación do Servizo Galego de Saúde e os dispositivos públicos de prevención co obxectivo de mellorar a detección de enfermidades profesionais, sistematizar a información relativa a accidentabilidade e causas da mesma e identificar, prever e anticipar factores de risco laboral vinculados aos accidentes non traumáticos?

- Ten previsto o Goberno galego solicitar do Estado a transferencia de recursos e competencias en materia de Inspección de Traballo?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 13/05/2022 10:24:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 13/05/2022 10:24:56

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2022 10:25:06



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 17 de maio, Día Internacional contra a LGBTIfobia, foi recoñecido en España como Día Nacional por acordo do Consello de Ministros no ano 2009. A conmemoración desta data ten a súa razón de ser coincidindo coa decisión ese día no ano 1990 da Asemblea Xeral da OMS eliminando a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin así á percepción internacionalmente institucionalizada da homosexualidade coma una “enfermidade susceptible de ser curada”.

Os avances en dereitos LGBTI a nivel global dende aquela decisión son notables e teñen servido para empoderar e protexer ás lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais nun gran número de países.

Pese aos avances lexislativos producidos no conxunto do Estado con leis socialistas como a Lei 13/2005 do matrimonio igualitario ou a Lei 3/2007 da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo e no ámbito autonómico coa aprobación da Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación LGBTI proposta polo PSdeG, as persoas LGBTI seguen a vivir vexacións, insultos, discriminación, violencia, ameazas e agresións polo simple feito de ser como son e amar libremente.

Un recente estudo elaborado pola UXT amósanos que o 91 % das persoas LGBTI na nosa Comunidade Autónoma consideran necesario ocultar a súa orientación sexual, o 96 % consideran que a súa orientación sexual é un inconveniente á hora de atopar traballo e 6 de cada 10 traballadoras e traballadores LGBTI en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

O asasinato de Samuel o pasado ano na Coruña, as recentes agresións LGBTIfóbicas nos concellos de Ourense, Ribadavia ou Vigo, son só a punta do iceberg dun conxunto de actitudes discriminatorias que atopan acubillo nos



discursos de odio e requiren unha resposta firme das institucións públicas, que se concreten en máis políticas destinadas á erradicación da LGBTIfobia.

A Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia leva dende a súa aprobación esperando polo desenvolvemento regulamentario que no seu debate se prometía.

Concretamente e entre outros aspectos denunciados en múltiples ocasións polo Grupo Socialista, o artigo 8 da citada lei dispón a creación dun “servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e as súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais”, pero lamentablemente desde que se aprobou a lei a Xunta de Galicia non amosou nunca disposición algunha para a creación destes servizos.

Dun orzamento de 11.571 millóns de euros só se destina a LGTBI 21.000 euros para asociacionismo, o que supón un mísero 0,002 % do total, é evidente que con esta dotación orzamentaria é complexo levar a cabo calquera tipo de acción rigorosa destinada a eliminación da discriminación por razón de orientación ou identidade sexual.

Por se non abundase coa grave non aplicación da lei, coa ridícula dotación orzamentaria a Xunta de Galicia, aprobaba o 3 de outubro de 2016 un decreto polo que se modificaron as funcións dos Centros de Información á Muller (CIM) incluíndo as actividades de información e atención ao colectivo LGBTI. Todo iso, sen incrementar o orzamento, o número de profesionais e sen formación específica o que implica, por unha banda que os servizos destinados a eliminacións das violencias machistas sofren unha clara diminución de recursos e, por outra, que o colectivo LGBTI non conte co apoio profesional axeitado.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera que abundan os 21.000 euros orzamentados neste 2022 para que os colectivo galegos que traballan polos dereitos LGTBI poida desenvolver un traballo digno e axeitado na consecución da igualdade real do colectivo na nosa comunidade?
2. Vai dar cumprimento aos artigos recollidos na Lei galega do 2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGTBI?



3. Está a Xunta de Galicia disposta a persoarse nos casos de agresións e asasinatos LGTBIfóbicos que acontezan na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 12 de maio do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 13/05/2022 09:51:14

Julio Torrado Quintela na data 13/05/2022 09:51:22

Marina Ortega Otero na data 13/05/2022 09:51:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a eliminación punto alto risco na OU-540 no concello de Verea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Milleiros de persoas e colectivos e organizacións e organizacións sociais de Ourense, como a Confederación Empresarial, a Federación de Comercio, a Asociación de Empresarial do Polígono de San Cibrao, o Centro Comercial Ponte Vella, o Foro Líceo ou Concellos de diferente tendencia política como Verea, Entrimo, Celanova, Lobios ou Lobeira veñen solicitando a terminación do proxecto de construción da AG-31, inicialmente prevista para vertebrar Galiza unindo a autovía A-52 e a Fronteira con Portugal por A Madalena; atópanse coa contumaz negativa da Xunta de Galiza do Partido Popular quen, dende máis dunha década, ten paralizado o proxecto por supostamente consideralo prescindíbel.

Alternativamente ao proxecto de construción de unión da A-52 coa fronteira portuguesa, a Xunta de Galiza anunciou a realización de obras de acondicionamento da estrada OU-540, entre os pp.kk.. 25,470 e 71,470. O proxecto presentado pola Xunta de Galiza que os propios socios do Partido Popular non dubidarian alcumar “reformita low cost” non elimina treitos de elevado risco de accidente de circulación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, o proxecto presentado pola Xunta de Galiza mantén o perigoso cruce que, dentro do concello de Verea, conforman a confluencia das estradas provinciais OU-0206, a OU-0207, coas dúas rúas municipais e coa estrada OU-540. Viais nos que a circulación é elevada, mesmo de vehículos de grande tonelaxe, sendo reducida a visibilidade para incorporarse á circulación da OU-540 dende a OU-0207 ou dende as estradas municipais, provocando, asemade, que un eventual exceso de velocidade poda provocar un accidente de importantes consecuencias.

A mera construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da OU-540 dun diámetro interior de circulación de 14 m. e 28 m. no exterior permitiría mellorar considerablemente o trazado existentes e xa que logo as condicións actuais de circulación e visibilidade.

Asemade e como xa foi denunciado dende distintas institucións e colectivos sociais e veciñais a actual e singular confluencia da AG-31 e a OU-540 non é a máis acaída en termos de seguridade viaria, tanto para as usuarias da vía como para a veciñanza do núcleo de poboación no que desemboca á autoestrada.

En todo caso dende o Bloque Nacionalista Galego reiterar o carácter esencial para a vertebración do territorio e o desenvolvemento económico e social de Ourense e de Galiza a definitiva construción da AG-31 como estaba inicialmente contemplada, é dicir, na unión da A-52 coa fronteira portuguesa, posibilitando a áxil e segura conexión do norte de Portugal co sur-leste e leste de Galiza.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que, como afirman as asociacións empresariais, económicas e sociais de Ourense a terminación da AG-31 contribuiría a vertebración territorial e ao desenvolvemento económico e social do leste de Galiza e de Ourense, en particular?

. Ten previsto a Xunta de Galiza a terminación do proxecto de construción da AG-31 que comunica a autovía A-52 coa fronteira portuguesa por A Madelena? No seu caso, en que prazo?

. Que xestións realizou na última década para a construción da infraestrutura?

. Considera a Xunta de Galiza que a construción dunha rotonda no p.k. 31,885 da estrada OU-540 eliminaría un punto perigoso de circulación, facilitando o transito viario e que este se puidese realizar en condicións de seguridade?

. Realizou a Xunta de Galiza ou ten previsto realizar algún estudo sobre o particular?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/05/2022 11:19:16

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2022 11:19:20

María González Albert na data 13/05/2022 11:19:32

Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2022 11:19:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a candidatura do proxecto de fábrica de fibras téxtiles aos fondos NEXT GENERATION.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis de un ano despois de anunciar a bombo e prato que a Xunta contaba con 354 proxectos para os fondos NEXT GENERATION, dos que 247 serían colaboración público-privada, e outros 107 de carácter estritamente privado e confidenciais, pouco sabemos do camiño percorrido por eses proxectos, do seu grao de maduración, e das súas posibilidades de chegar a concretarse.

A través dos medios de comunicación e de diferentes intervencións parlamentarias dos membros do goberno puidemos saber que o único proxecto que está avanzado a día de hoxe é o da fábrica de fibras téxtiles, para o que contan coa participación do grupo portugués ALTRI, que ven de anunciar a localización da futura fábrica no Concello de Palas de Rei.

Mais o certo é que a información sobre ese proxecto limítase ás noticias relativas á xa comentada situación, e sobre todo á man de obra que vai ocupar, que ven sufrindo unha espiral ascendente de tal calibre que parecen máis propias da prensa sensacionalista que de outra cousa, e polo tanto xeran desconfianza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1.- Que operacións ten realizado a Xunta de Galiza para o proxecto da fábrica de fibras? Quen as realiza? Cal é o seu custe?

2.- Cantas empresas están comprometidas con este proxecto? Cales son? Teñen asinado algún documento que formalice ese compromiso? En que consiste a participación de cada unha desas empresas?

3.- En cal dos PERTES anunciados polo goberno do estatal tería cabida este proxecto? Cantas reunións ten celebrado con organismos do goberno estatal relativas a este proxecto? Que opinión ou requirimentos lle realizan desde eses organismos?

3.- Contan as empresas comprometidas co proxecto coa tecnoloxía, patentes ou licencias necesarias para desenvolvelo? Dispoñen delas en propiedade ou por acordos coas sociedades titulares? Cal é o seu custe?

4.- Que tipo de madeira utilizarán para a fabricación da fibra? Usarán eucalipto nitens ou globulus?

5.- O tipo de madeira que se precisa para a fabricación da fibra ten a ver coa elección da localización da fábrica nun Concello que podemos denominar de interior?

6.- Prevé a Xunta de Galiza que esta fábrica signifique un aumento das hectáreas dedicadas a eucalipto na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7.- É a industria téxtil o único destino do produto que se proxecta fabricar?

8.- Quen son os potenciais clientes e onde teñen localizados os centros onde se utilizaría a fibra?

9.- Como van realizar o transporte?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/05/2022 12:45:20

Daniel Pérez López na data 13/05/2022 12:45:29

María do Carme González Iglesias na data 13/05/2022 12:45:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o estado do punto de encontro do persoal do SPDIF en Xinzo da Limia e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza está constituído por un importantísimo número de profesionais de distintas categorías laborais que inclúe, entre outros, a axentes, vixilantes, emisoristas ou brigadistas. Estes últimos, os membros das brigadas, teñen nos “puntos de encontro” para albergar aos traballadores que teñen o seu destino en cada base.

No último PLADIGA aprobado pola Xunta de Galiza, o de 2021, facíase unha referencia ao investimento que o departamento faría en mellora de instalacións, equipamento e parque móbil ao longo do ano, que se cifraba no documento en 2,6 millóns de euros.

Ao tempo, prevíase o gasto de outros 2,3 millóns de euros para realizar “diversas melloras” nas bases de medios aéreos, nas instalacións dos distritos forestais, nos puntos de vixilancia e nos puntos de auga existentes así como a previsión (como “posibilidade”) de construción dalgún novo punto de auga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, anunciábase que se levaría a cabo a construción e adecuación dunha “rede mellorada e eficiente de puntos de encontro, das instalacións do persoal traballador do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, dos almacéns do material de prevención e extinción e dos garaxes para os vehículos” sen ficar claro pola redacción do documento se estas últimas actuacións previstas dispuñan dun orzamento propio ou se ían incluídas nos 2,3 millóns de euros mencionados no punto anterior.

Moitas veces temos remarcado desde o Bloque Nacionalista Galego a carencia dunha avaliación seria e obxectiva sobre cal é a aplicación real dos orzamentos e investimentos previstos ano a ano no Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galiza (PLADIGA) e neste caso non é distinto.

Se ben é certo que durante o 2021 a Consellaría abordou algunhas obras dentro deste marco resulta evidente que non se solucionaron unha importante parte das eivas e necesidades que comparten os puntos de encontro das brigadas do SPIDF.

Dentro deste contexto un dos casos máis chamativos e o do punto de encontro de Xinzo da Limia que até foi denunciado recentemente polo comité de empresa da Consellaría do Medio Rural en Ourense polo seu mal estado.

Este punto de encontro consta dunha nave para vehículos e material que ten varias deficiencias entre as que destacan a iluminación insuficiente, un tellado con cuberta de uralita de amianto (con moitos anos, degradada e con grandes roturas que pode prexudicar gravemente a saúde do persoal), material caducado almacenado, cristais rotos... Anexos a esta nave hai uns módulos con aseos e vestiarios en mal estado nos que, por exemplo, as taquillas das traballadoras e traballadores están xunto aos Wcs por falta de espazo axeitado, os esgotos non funcionan correctamente (con atascos e malos olores contínuos, segundo denuncian), sen calefacción, co piso en mal estado...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas estas deficiencias fan que o persoal teña que vestirse e poñerse os EPIs na rúa ou na nave e non nun espazo axeitado para ese uso.

Ante esta situación denuncian desde o comité de empresa que o devandito punto de encontro non reúne as condicións mínimas para albergar aos traballadores e traballadoras que teñen o seu destino nesa base. O propio comité de empresa remitiu documentación ao respecto ao xefe territorial do Medio Rural sen que até o día de hoxe non só non se teñan solucionando senón que nin tan sequera ten habido unha comunicación ou contacto de ningún tipo con ese persoal.

Cabe sinalar que, se ben nesta ocasión estamos a falar dun punto de encontro específico, moitos dos problemas aquí referenciados son extensivos en maior ou menor medida a outros moitos puntos de encontro (nalgúns tense actuado e noutros aínda non ou non o suficiente) do SPDIF ao longo de todo o país, polo que non se pode falar dun caso puntual.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi o investimento real realizado pola Consellaría do Medio Rural nos distintos puntos de encontro do SPDIF?
- Cal foi o criterio de priorización dos traballos?
- Que previsión de futuro hai para o establecemento dunha rede de puntos de encontro propia e que reúna unhas condicións de saúde e hixiene suficientes?
- Como valoran o estado no que se atopa o punto de encontro de Xinzo de Limia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É normal que o comité de empresa se vexa na obriga de facer unha denuncia pública ante a inacción e a falta de diálogo da xefatura territorial?
- É un lugar axeitado para desenvolver o papel de punto de encontro?
- Cumpre coas mínimas condicións de salubridade, servizos e hixiene para albergar a traballadores e traballadoras da Xunta?
- Van resolver eses problemas de xeito urxente? Como?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz,

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 13/05/2022 12:45:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/05/2022 12:45:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 13/05/2022 12:45:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/05/2022 12:45:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre a actividade da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de maio do 2021 a web da Xunta de Galiza publica a constitución da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galiza, máis coñecida como IMPULSA GALIZA. Segundo o publicado pola Xunta aquel 3 de maio do ano pasado, “este instrumento contribuirá, por exemplo, á maduración das iniciativas da candidatura galega agrupadas arredor do Polo para a Transformación de Galicia.

Este Polo, co que se prevé mobilizar máis de 3.000M€ nos tres primeiros anos, conta con oito iniciativas que nos poden permitir empezar a producir hidróxeno verde, dispoñer dunha planta para converter a celulosa en fibras téxtiles, poñer en funcionamento un centro de xeración de biogás a partir do tratamento de residuos, expandir as enerxías renovables, e impulsar a dixitalización industrial.

Trátase, pois, dun novo actor que contribuirá a dar impulso á candidatura galega aos fondos Next Generation que, neste momento, abrangue un total de 354 iniciativas que poderían chega a mobilizar un investimento de 20.000M€ e que se apoia en tres principios rectores; involucrar as pemes, facer da I+D+i un elemento transversal e fomentar a colaboración público-privada.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois das críticas recibidas pola constitución dunha sociedade sen ningunha muller no Consello de administración, nomearon unha directora xeral e incorporaron outras dúas mulleres ao propio Consello.

Por outra banda, vimos de coñecer que a Sociedade Impulsa declara un activo de 7,2 millóns de euros e un beneficio no exercicio 2021 de 224.000€.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

- . Cales foron os custes operativos da Sociedade Impulsa?
- . Cantas tarefas ou servizos realiza con persoal propio e cantas subcontrata?
- . Que volume da actividade da Sociedade Impulsa se realiza coas sociedades coas que está vinculada?
- . Con que empresas subcontrata a prestación de servizos?
- . Están entre eses servizos a elaboración de informes ou outros servizos de consultoría? Cantos contratos ou encargos deste tipo ten realizado e cantos están finalizados? Cal foi o seu custe?
- . Cales as retribucións do Consello de administración e alta dirección?
- . En cantos proxectos están traballando? Cal o grao de maduración dos diferentes proxectos?
- . Cantas empresas están comprometidas cos diferentes proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En cales dos PERTES anunciados polo goberno estatal terían cabida os proxectos cos que traballan? Cumpren todas condicións estipuladas?

. Cantas reunións con representantes do goberno central ten celebrado relativas a estes proxectos? Que lle comunican ao respecto?

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 13/05/2022 12:57:30

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2022 12:57:39

Daniel Pérez López na data 13/05/2022 12:57:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

Hai xa moitos anos que o número de granxas adicadas a produción cárnica ou leiteira vén diminuindo no noso país. Para tomar como exemplo, segundo o IGE dende o 2018 ao 2020 perdéronse 2040 granxas de carne, 713 de leite, se tomamos en conta datas anteriores veremos que a perda foi moitísimo maior. Así no Estado español a perda foi de 75.000 explotacións agrogandeiras entre o 2009 e o 2020.

Entendemos que esta perda se produce en gran medida por xubilación dos seus propietarios, aínda que non está a ser a única causa, seguidos da ausencia de novas incorporacións, o que supón unha perda patrimonial importante máxime cando as granxas contan con avances tecnolóxicos actualizados.

O feito de non prestixiar adecuadamente a actividade agrogandeira, non acabar de facilitar a súa profesionalización, ou as continuas situacións de crises sen o apoio preciso, supón que perdamos a oportunidade de ter en funcionamento o número máximo de explotacións, e é por isto que ano tras ano o seu número descende a pasos axigantados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No DOG do 21 de maio do 2021 veu de publicarse a Lei 11/2021 do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia, que recolle a figura do Banco de Explotacións, que queremos crer que será usado para o fomento das novas incorporación e consecuentemente a evitar a perda continuada das granxas galegas.

Pero acontece que a punto de cumprirse un ano dende a publicación desta lei sen orzamento o Banco de Explotacións non está no panorama propagandístico do Goberno da Xunta, senón nunha zona de sombra xunto co Banco de Terras, é dicir non existe fisicamente, e polo tanto non cumpre coa función que na lei se lle encomenda mentres as explotacións pechadas están deteriorándose e as potenciais novas incorporacións perdendo a oportunidade de emprender actividades agrogandeiras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- En que fase se encontra a creación do Banco de Explotacións, con que orzamento conta e cando prevén que se poña en funcionamento?
- Teñen feito un censo de explotacións en abandono que aínda poidan ser recuperadas?
- Cantas estiman que son xa irrecuperábeis?
- Pode ser que a falta de orzamento deixe a LRTAG baleira de contido, e polo tanto nunca chegue a materializarse o Banco de Explotacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado a Xunta de Galiza dotar de medios suficientes ao Banco de Explotacións para que sexa unha ferramenta realmente áxil e útil tanto para os demandantes como os cesionarios das granxas en abandono?

- Ten pensado a Xunta crear unha rede de demandantes e de cesionarios e crear unha base de datos ou ferramenta tecnolóxica con carácter transversal para que tanto dende as OACs como os GDRs poidan participar?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/05/2022 10:09:33

María González Albert na data 16/05/2022 10:09:48

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/05/2022 10:09:54



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Hai aproximadamente un ano que a nova adxudicataria comezou a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada e escolar e son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia debido aos sucesivos incumprimentos do contrato, o que supón un grave problema para o normal desenvolvemento das xornadas vitais da cidadanía galega.

O transporte escolar é de máxima importancia para a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público, que debера funcionar escrupulosamente non só por ser unha das maiores ferramentas de conciliación de que dispoñen senón tamén porque os seus usuarios e usuarias son menores de idade.

Mais a realidade é que este contrato non está a funcionar como debера. Un exemplo dese mal funcionamento ocorreu no Concello de A Baña, onde o alumnado que o día 16 de maio acudía ao CPI San Vincenzo -cun total de 170 nenos e nenas escolarizados, a maior parte usuarios do transporte- quedou agardando nas paradas porque os autobuses non chegaron.

Falamos de decenas de menores que quedaron ese día sen xornada escolar porque o servizo de transporte público non chegou, pero tamén de moitas familias que ese día se viron prexudicadas nos seus traballos por ter que marchar para casa a coidar do seu fillo ou filla. As propias familias manifestan a súa inseguridade por se este incidente se volve repetir, dada a necesidade deste servizo.

A maiores, a nova concesión, cuxo contrato leva consigo unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias de todos os vehículos, mesmo



incumprindo a actual normativa, sen que a Xunta de Galicia actúe supervisando o seu estado: timbres que non funcionan, sistemas de climatización inexistentes, butacas rotas, falta de hixiene...

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi a razón de que o servizo escolar do CPI San Vincenzo de A Baña non funcionase o 16 de maio de 2022?
2. Informou a empresa concesionaria á Xunta de Galicia de que ese día non poría en marcha o servizo de transporte?
3. É consciente o Goberno galego dos prexuízos que supón para as familias que non funcione o transporte escolar?
4. Comprobou a Xunta de Galicia que o estado dos vehículos cumpren as mínimas esixencias de seguridade e hixiene?

Pazo do Parlamento, 16 de maio do 2022

Asdo.: Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/05/2022 10:59:45

Noelia Otero Lago na data 16/05/2022 11:00:01

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2022 11:27:32
Nº Rexistro: 34968
Data envío: 16/05/2022 11:27:32.486

Patricia Otero Rodríguez na data 16/05/2022 11:00:11

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A dinamización do mercado de traballo é clave para reforzar a competitividade do tecido económico e social de Galicia.

Por ese motivo, o Goberno galego está a despregar unha ambiciosa estratexia en materia de emprego, que pasa desde o impulso do traballo autónomo á promoción de modelos produtivos como a economía social, o fortalecemento das relacións laborais ou a mellora da formación para o emprego.

Respecto da formación, a Consellería de Emprego e Igualdade leva anos apostando polos obradoiros duais de emprego. Uns instrumentos que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social que lles posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación recibida, mellore a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción no mercado de traballo.

Polo tanto, os obradoiros duais teñen unha tripla dimensión: mellorar a empregabilidade das persoas participantes mediante a formación para o emprego; desenvolver actuacións de mellora en espazos públicos e a prestación de servizos de interese xeral e social; e colaborar con entidades locais galegas para incrementar o emprego e propiciar o asentamento da poboación nos concellos.

Dando continuidade a esta iniciativa, o pasado 8 de marzo saía publicada no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o balance dos obradoiros duais de emprego desde o 2009?
- 2.- Cantos talleres se prevén desenvolver no marco da convocatoria 2022-2023? E que actividades van prevalecer?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- 3.- A cantas persoas sen emprego se prevé beneficiar? E hai colectivos de atención prioritarios? Cales?

Santiago de Compostela, 16 de maio 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Balseiro Orol na data 16/05/2022 13:11:47

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/05/2022 13:12:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/05/2022 13:12:20

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 16/05/2022 13:12:40

José Alberto Pazos Couñago na data 16/05/2022 13:12:53

Noelia Pérez López na data 16/05/2022 13:13:07

María Corina Porro Martínez na data 16/05/2022 13:13:24

López Sánchez, Rosalía na data 16/05/2022 13:13:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Eduardo Ojea Aria**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ourense é a provincia co maior índice de envellecemento de toda Galicia e a segunda de toda España. Este dato é significativo e debería activar políticas de discriminación positiva nos ámbitos ou áreas directamente relacionados co envellecemento.

Ao mesmo tempo o ictus é a segunda causa de mortalidade no mundo e vai en aumento, de feito as persoas especialistas na materia afirman que en 20 anos pódese incrementar ata un 40 % a incidencia. De feito, na provincia de Ourense incrementáronse os casos, xa que incluso no “ano Covid”, 2020, o CHUOU activou o código Ictus en 222 ocasións.

Ademais outro problema co que se atopan os facultativos é a imposibilidade de aplicar unha trombectomía mecánica, normalmente para os casos máis graves, polo que a estes pacientes dérvaselles a Vigo, tendo en conta que as primeiras horas tras o ictus son claves para as posibilidades de mellora do paciente.

Ourense é a única provincia de Galicia que non dispón dunha Unidade de Ictus, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que o Goberno galego blinde á única provincia que carece dunha unidade tan importante, tendo en conta as cifras de envellecemento da nosa provincia e taxa de mortalidade que supón o ictus.

Os propios expertos/as fixeron pública esta demanda en varias ocasións, a última na “I Xornada sobre a realidade do paciente neurolóxico”, organizada pola Fundación Neuroburgas no centro cultural Marcos Valcárcel en Ourense. Na mesma, puxeron de manifesto que o feito de dispoñer dunha Unidade de Ictus é directamente proporcional á mellora do tratamento de ictus nas persoas afectadas, polo que directamente demandaron publicamente a necesidade de contar cunha unidade destas características na provincia.



Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Por que a provincia de Ourense é a única de toda Galicia que non conta cunha Unidade de Ictus?

2.^a) Consideran importante o Goberno galego a necesidade dunha Unidade de Ictus para Ourense?

Pazo do Parlamento, 13 de maio de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/05/2022 09:32:00

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 09:32:39

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/05/2022 09:32:50

Eduardo Ojea Arias na data 18/05/2022 09:33:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai aproximadamente un ano, o Concello de Bergondo paralizou uns traballos de movemento de terras e recheos porque non se adecuaban á licenza concedida en solo rústico e crearon un talude de aproximadamente 15m. nunha parcela sita no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, colindante coa vivenda número 66 do mencionado lugar e o polígono industrial da localidade.

Posteriormente, tamén foi denunciada esta actuación ante a APLU (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística), organismo dependente da Xunta de Galiza, de quen é competencia por situarse en solo rústico.

Estes traballos xeraron bastante alarma entre a veciñanza do lugar, xa que pola orografía da zona, de darse fortes choivas, estas poden acabar afectando a todo o núcleo, como así lle sucedeu xa á finca colindante que se viu asolagada por un mar de auga e barro en varias ocasións ao longo deste tempo, ademais de afectar tamén a circulación pola principal vía de comunicación do lugar, a estrada provincial DP-0811.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido aproximadamente un ano, a parcela segue no mesmo estado, os recheos non foron retirados e non se ten constancia de que se teña tomado ningunha medida cos responsables destes para que volvan a parcela ao seu estado natural.

Esta situación crea na veciñanza unha situación de incerteza e inseguridade, xa que, de non realizarse na época estival as accións precisas para devolver a parcela ao seu estado inicial, a chegada do inverno pode arrastrar a terra de novo.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- É coñecedora a Xunta desta situación?
- Que resposta deu a Xunta á denuncia da veciñanza por esta actuación ante a APLU (Axencia de Protección da Legalidade Urbanística)?
- Que medidas tomou a Xunta cos responsables desta obra?
- Ten o goberno requirido que retiren a terra e volvan a parcela ao seu estado natural? En que prazo?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/05/2022 10:34:43

Alexandra Fernández Gómez na data 18/05/2022 10:34:55

Xosé Luis Bará Torres na data 18/05/2022 10:35:02



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, María Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A loita contra a violencia de xénero debe ser un compromiso común de todas as administracións, institucións e entidades, públicas ou privadas, en definitiva, do conxunto da cidadanía, pois na súa eliminación radica a clave dunha sociedade libre, xusta e igualitaria.

En consecuencia, e entre outras accións de cooperación e colaboración, a Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, promove xa desde 2012, a Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero. Unha ferramenta que persegue o rexeitamento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real para rematar con esta lacra.

Así, ten como principais obxectivos promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco, mobilizando a toda a sociedade fronte ao maltrato e xeneralizando a tolerancia cero contra as persoas agresoras.

No marco desta Rede, naceron as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, instrumentos operativos nos que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente nesta loita, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta desde o territorio e con proximidade ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero.

Os fins específicos destas Mesas, ademais da promoción no ámbito municipal de políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero, son: mellorar a identificación temperá de casos de violencia de xénero, optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra a violencia de xénero, ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas, mellorar a protección daquelas que presenten alto risco e informar e sensibilizar na materia tanto aos profesionais como á poboación en xeral.

Son, polo tanto, un mecanismo útil que permite coordinar as medidas e recursos á disposición e as diferentes áreas e departamentos implicados na prevención e tratamento das situacións de violencia de xénero no territorio, como son os concellos,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



as forzas e corpos de seguridade, os axentes xudiciais ou os profesionais do ámbito sanitario ou educativo, entre outros.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

1. Como se constitúen e como funcionan as Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero?
2. Cal é a evolución das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero? E cal é a situación actual das mesmas?
3. En que aspectos se ten detectado que hai marxe de mellora?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 18/05/2022 17:19:34

María Corina Porro Martínez na data 18/05/2022 17:19:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/05/2022 17:20:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/05/2022 17:20:19

López Sánchez, Rosalía na data 18/05/2022 17:20:35

José Alberto Pazos Couñago na data 18/05/2022 17:20:46

Noelia Pérez López na data 18/05/2022 17:21:00

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 18/05/2022 17:21:18



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Rio, Maria Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Maria Encarnación Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A garantía dun mercado de traballo de calidade e forte, que teña en conta a realidade das galegas e galegos, debe ser un compromiso firme de calquera goberno que aspire a un verdadeiro avance social.

Facendo propia esta responsabilidade, a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, está a poñer en marcha numerosas medidas para dar resposta aos retos do novo escenario laboral e que chegue a todas as persoas.

Así, dentro da folla de ruta marcada polo Executivo galego existen actuacións específicas para determinados colectivos especialmente sensibles ás fluctuacións económicas, como son as persoas mozas, as persoas con discapacidade ou as mulleres.

No caso concreto das mulleres, a Consellería de Emprego e Igualdade está a despregar o Plan Emprega Muller, unha ferramenta dotada con case 36 millóns de euros destinados a apoios integrais para o acceso, o mantemento, a consolidación e a promoción profesional do colectivo feminino.

Unha iniciativa que está conformada por diferentes programas de axudas como, por exemplo, o Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano, concibido para facer fronte aos efectos socioeconómicos da pandemia e tendo en conta as particularidades do territorio galego. Esta actuación permitirá mellorar a perspectiva profesional e fomentar a fixación do talento das mulleres nas súas contornas, con especial atención á rural, pero sen deixar de lado a urbana.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes fan as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

- En que accións concretas se artella o novo Programa de apoio a mulleres nos ámbitos rural e urbano?
- Cal é orzamento previsto para esta orde de axudas?
- A cantas mulleres prevé beneficiar este ano?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- Como contribúe este programa a mellorar a empregabilidade das mulleres, a reducir a fenda de xénero e a afianzar unha economía sostible?

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 18/05/2022 17:08:05

María Corina Porro Martínez na data 18/05/2022 17:08:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/05/2022 17:09:32

López Sánchez, Rosalía na data 18/05/2022 17:09:52

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 18/05/2022 17:16:24

Noelia Pérez López na data 18/05/2022 17:16:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/05/2022 17:17:01

José Alberto Pazos Couñago na data 18/05/2022 17:17:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Galicia é a comunidade que lidera en España o sector pesqueiro e da acuicultura, concentra a metade da frota pesqueira do Estado e unha parte fundamental da acuicultura. Os nosos portos son base de barcos que lideran tanto as capturas de peixe fresco e marisco como a maior parte do conxelado que se consume en España. A tradición pesqueira galega e o sector industrial que leva aparelado converten Galicia na potencia do mar a nivel estatal e unha das principais rexións pesqueiras europeas.

Como todo sector económico, a pesca precisa dunha infraestrutura científica e técnica de apoio que lle permita innovar e seguir mellorando os procesos. Tamén niso Galicia é punteira. Á presenza en Vigo e A Coruña de dúas sedes do Instituto Nacional de Oceanografía (IEO) súmaselle, especialmente no caso vigués, a maior concentración de investigadores (Campus do Mar, IIM-CSIC, CETMAR, a Cooperativa de Armadores e outros centros de investigación como a propia Anfaco-Cecopesca) en temas relacionados coa pesca e coas ciencias do mar.

Cando o pasado 14 de abril se deu a coñecer o plan de descentralización do IEO impulsado polo Ministerio de Ciencia que propoñía que a sede central se mantivese en Madrid e dous dos seus centros de referencia, os de Pesquerías e Acuicultura, pasaran a radicarse en Cantabria e Murcia, o sector pesqueiro galego fíxose a seguinte pregunta: como é posible que a zona con maior frota e capturas non sexa a sede principal do IEO?

Galicia, polo tanto, ante esta proposta, non quedaría só sen a sede principal do IEO, senón que tampouco sería sede das dúas divisións máis importantes, cando o IEO xa conta en Vigo, co maior dos oitos centros repartidos por todo o litoral español e no seu porto teñen base os dous principais buques oceanográficos, o Ángeles Alvariño e o Ramón Margalef. Unha decisión, que dende este grupo parlamentario, cremos pouco razoable que é preciso avaliar.

Consideramos que o Ministerio de Ciencia debe de realizar unha reflexión máis profunda, como así nos consta que está a facer. A filosofía da descentralización ten un obxectivo claro: achegar a xestión aos administrados. Se máis do 50 % da



frota española se atopa en Galicia, o plan proposto parece que non se adecúa a este fin.

É urxente que o Ministerio de Ciencia revise a súa proposta consonte á realidade xeográfica e socioeconómica do sector. Só contando coa opinión de todos os actores e os criterios de eficiencia dos servizos públicos poderase cumprir o obxectivo dunha máis que necesaria aposta pola descentralización de organismo que, como o IEO, son estratéxicos para a pesca galega.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan a seguinte pregunta:

Cal ou cales foron as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia de cara a acadar que Vigo sexa a sede central do IEO?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2022 16:18:07

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 16:18:21



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Leticia Gallego Sanromán e Julio Torrado Quintela deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

No últimos días, a residencia de maiores Mi Casa, sita na localidade de Pazos de Borbén, preto de Vigo, saltou aos medios de comunicación pola situación de desamparo dos e das residentes de dito centro.

A gravidade do caso é tal, que se amosan imaxes de residentes con úlceras e camas estragadas, entre outras deficiencias e posibles incumprimentos graves da normativa vixente.

A gravidade do acontecido nesta residencia con imaxes que deixan sen palabras, non é máis que o reflexo inequívoco do fracaso do modelo residencial do Goberno galego baseado nunha fórmula prexudicial e perigosa que non garante o benestar das persoas maiores. Dita fórmula traducíuse en que, a medida que o número de prazas residenciais privadas se incrementaban, o número de inspeccións baixaban. Este feito evidencia a falta de supervisión do Goberno galego nunha das competencias máis sensibles que ostenta dentro das súas funcións.

Para elo, dende o Grupo Parlamentario Socialista iniciamos propostas reiteradas na liña de dar solución ao desamparo que moitas persoas maiores usuarias de residencias poderían estar a sufrir. Por un lado solicitamos o incremento de traballadores/as de xeito cuantitativo e cualitativo, tendo en conta a formación que se precisa para cada función dentro dos coidados dun centro de atención residencial. Por outra banda, solicitamos o incremento do número de técnicos/as de inspección para levar a cabo o exercicio obrigado de supervisión que ten que exercer o goberno galego a través da Consellería competente nesta materia.

A gravidade dos feitos é coñecida polo propio Goberno galego dende fai semanas a través das denuncias sobre o asunto, rexistradas pola Asociación de Traballadoras de Residencias de Galicia, así como pola Asociación Galega de Familiares e Usuarios/as de Residencias de Galicia e Vellez Digna. En ditas



denuncias relátanse con documentos gráficos a constatación de incumprimentos graves da normativa, rexistradas a día 3 e 13 de maio.

Nun asunto tan grave, é urxente que o Goberno galego presente o historial de accións, informes e seguimento que levaron a cabo respecto a dita residencia, de ser o caso. É preciso saber como é posible que nun centro de 58 prazas das cales 22 están financiadas con fondos públicos, chegue a tal descontrol e desamparo dos residentes, amosan a falta de dilixencia do goberno galego nas súas propias competencias nunha materia tan sensible.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguinte preguntas:

- 1.^a) Existen precedentes de inspeccións por parte da Xunta no centro Mi Casa? De ser así, que resultados obtivéronse de dita inspección?
- 2.^a) Que accións se tomaron dende a Xunta, unha vez coñecida a denuncia do día 3 de maio?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 18/05/2022 17:23:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/05/2022 17:23:39

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 17:23:48



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Xunta de Galicia a través de Portos de Galicia está a redactar o plan especial do porto de Cambados. Durante a súa tramitación, e consonte a un informe emitido por Costas do Estado (idéntico informe, por certo, que o emitido por Costas no ano 2013) xerouse a dúbida, con polémica partidista incluída por parte do PP de Cambados e da propia Consellería do Mar da Xunta de Galicia, sobre a caducidade das concesións de tres depuradoras situadas en Tragove.

Nesta ocasión, e a diferenza do que aconteceu no ano 2013, cando o PP de Cambados agochou o informe de Costas de 2013, o actual equipo de goberno púxose a traballar, en colaboración co sector mar-industria, coas administracións con competencia para resolver estas eivas, Xunta de Galicia e Goberno Central, de cara a poder continuar co plan especial do porto de Cambados e tamén en poder acadar unhas garantías e unha seguridade xurídica para que estas industrias tradicionais e estratéxicas poidan continuar con seguridade e legalmente no Dominio Público Marítimo Portuario.

O alcalde de Cambados fixo as xestións pertinentes con Costas do Estado e atopou unha vontade colaboradora por parte da súa directora xeral que lle explicou as solucións para poder continuar coa tramitación deste plan e transmitindo tamén que as concesións das depuradoras non corrían perigo, pero que no borrador que Portos de Galicia lle enviara ao seu Departamento debían de ser corrixiadas unha serie de consideracións técnicas do mesmo, así como debía de xustificarse que esas industrias teñen que permanecer onde están actualmente debido a súa vinculación co mar.

A cadea mar-industria, a corporación local e este grupo parlamentario cren necesario que por parte de Costas do Estado se emita un informe, para que o compromiso quede reflectido por escrito, no que se fixe o criterio e as condicións claras que garantan a continuidade destas instalacións en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Por outra banda, Portos de Galicia tamén ten que facer os seu deberes:



- Por un lado, seguindo co redacción do plan especial do porto de Cambados, mediante a rectificación das deficiencias técnicas detectadas e indicadas no propio informe de Costas, xustificando, as súa vez, a necesidade da radicación desas industrias no emprazamento actual no que se atopan dentro de Dominio Público Marítimo Portuario.

- Por outro lado, iniciar e axilizar a desafectación dos terreos que xa non teñen actividade portuaria, que teñen unhas características totalmente urbanas, para que pasen a titularidade municipal, e que xa foi solicitada hai máis de 6 anos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado a Xunta de Galicia seguir coa redacción e elaboración do plan especial do porto de Cambados? De ser o caso, cales son os seguintes pasos a dar?

2ª) Vai a Xunta de Galicia atender a petición de desafectación feita polo Concello de Cambados, hai máis de 6 anos, relativa a aqueles terreos urbanos que xa non teñen actividade portuaria? De ser o caso, cando se vai levar adiante este proceso?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/05/2022 17:37:08

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 17:37:21



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Co gallo da celebración do Día da Familia e tras o discurso do Sr. Rueda no debate de investidura situando a familia como un dos tres eixos vertebradores do seu Goberno, a delegación galega da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) emitía un comunicado no que, entre outras cuestións, demandaba da Xunta de Galicia unha definición do modelo de familia monomarental, a creación do Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e medidas que favorezan a conciliación e a crianza.

Este modelo familiar é cada vez máis numeroso en Galicia, e en maior medida son as mulleres as que deciden ser nais sen necesidade de que exista outro proxenitor. Por iso dende o Grupo Socialista entendemos que para que non exista unha maior discriminación, as políticas do Goberno galego debe pór o foco noutros modelos familiares, que foxen dos tradicionais.

En efecto, a lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, xa recollía que as familias monomarentais e monoparentais son de “especial consideración”, e a lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, inclúe un artigo dedicado a este modelo familiar:

Artículo 40. Especial consideración das familias monoparentais.

- 1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.*
- 2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*



Mais pasado xa máis dun ano da aprobación desta lei non se materializou ese plan de apoio a estas familias e moito menos o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais Galegas, algo que puxo xa de manifesto en varias ocasións o Grupo Parlamentario Socialista e que non atopou unha resposta satisfactoria da Consellaría de Política Social.

Con respecto ao rexistro, a Xunta aduce que están á espera da aprobación da lei estatal de diversidade familiar e así evitar “conflitos” entre a normativa estatal e autonómica. Pero, tal e como explica a MSPE, isto non foi impedimento para modificar os criterios de acceso ao certificado de familia monoparental ou monomarental.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando pensa o Goberno galego dar cumprimento á Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia no que respecta ás familias monomarentais?

2ª) Cando vai aprobar o Rexistro de Familias Monomarentais tal e como obriga a citada lei?

3ª) Cando teñen previsto presentar o plan de apoio ás familias monoparentais ao que obriga a dita lei?

4ª) Por que asegura o Goberno galego que a demora na aprobación do Rexistro de Familias Monomarentais se debe á futura lei estatal de diversidade familiar cando á vez están aprobando modificacións que igualmente se verían afectadas polo marco normativo estatal?

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 18/05/2022 16:12:48

Noelia Otero Lago na data 18/05/2022 16:13:02

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2022 16:13:14

Marina Ortega Otero na data 18/05/2022 16:13:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a falta de previsión da Xunta de Galiza ante a campaña de alto risco 2022 e a escaseza de medidas de prevención.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A prevención faise todo o ano”. Esta máxima repetida até a saciedade polo Bloque Nacionalista Galego durante os últimos anos e desprezada campaña tras campaña por unha Xunta de Galiza que, pese á propaganda, persiste en cada Orzamento en destinar máis recursos a extinción que a prevención, converteuse no novo mantra publicitario da Consellaría do Medio Rural nos últimos meses.

O departamento de Medio Rural mudou así nos últimos meses o seu perfil público e insiste na publicidade dunhas medidas preventivas ante os lumes que, desgrazadamente, non se corresponden coa execución de políticas reais por parte do departamento.

Así, entre outras moitas cuestións, un ano máis asistimos a unha campaña na que máis de 1.000 traballadoras e traballadores que fan parte do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais continúan cun contrato de 6 meses que supón a súa incorporación efectiva ao Servizo na segunda quincena do mes de maio cando, por exemplo, as queimas de particulares están prohibidas desde o primeiro venres do mes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ante a previsión dun ano complicado cara os lumes tras un inverno e unha primavera inusualmente secos.

Deste xeito os propios bombeiros e bombeiras teñen denunciado publicamente a falta de previsión un ano máis no que non se contou con case mil traballadores para realizar labores preventivas e poder no verán mitigar os efectos do lume, verán que se prevé que sexa adverso e seco.

Resulta especialmente grave esta falta de previsión e a perda de tempo ao longo do inverno para poder executar labores de prevención cando o risco de lumes tan virulentos como os de 2017 planea sobre esta campaña.

Ante esta situación é incomprensíbel que a Xunta de Galiza reincida na súa política de non profesionalización do SPDIF e persista nos contratos en precario de 6 e 9 meses mantendo como traballadores/as fixos/as discontinuos/as a un persoal que debía estar traballando durante 12 meses e ocupando boa parte dese tempo en labores de prevención.

Un ano máis, e ante a falta de persoal propio, a Consellaría do Medio Rural ten insistido na sinatura de contratos para tratamentos silvícolas na prevención de incendios forestais con empresas privadas que, en só dúas convocatorias, teñen costado nesta campaña máis de 6 millóns de euros mentres se mantén precarizado e non profesionalizado o servizos propio.

A administración galega tería que ser exemplificadora nesta materia e ser realmente proactiva na limpeza da biomasa en lugar de manter unha actitude que só pretende ser impositiva cos particulares e responsabilizalos case en solitario do mantemento dun territorio abandonado e con graves dificultades de supervivencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido as directrices feitas públicas en referencia ás liñas mestras da futura Lei de Incendios Forestais non semellan resolver esta problemática e máis ben ao contrario semellan afondar na división do servizo e nunha maior precarización.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cren que están a facer unha boa xestión do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais?

- A incorporación dxs brigadistas de 6 meses a 18 de maio ao servizo activo fai parte dunha correcta política de prevención fronte aos incendios forestais?

- Teñen prevista a substitución das brigadas de 6 e 9 meses por brigadas fixas de todo o ano? Con que prazo?

- É posíbel manter un servizo profesionalizado con persoal que só traballa a metade do ano?

- Un servizo que mantén un persoal precarizado é un servizo eficiente?

- Por que a Xunta insiste en contratar o groso da campaña de prevención a empresas privadas en lugar de facer unha execución directa dos traballos?

- Afrontamos esta campaña de alto risco cunha correcta execución das labores preventivas? En que grao?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**
Carmen Aira Díaz
Xosé Luis Rivas Cruz,
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 19/05/2022 09:33:44

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 09:33:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 09:33:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a Ruta dos Muíños e das Idades da Historia no concello de Rodeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rodeiro é un concello con un enorme patrimonio arqueolóxico, cultural e natural, castros, mámoas, Vila romana, carballeiras, recursos hídrico, pazos, torres medievais e casonas.

Para poder admirar este patrimonio construíronse varios roteiros de sendeirismo. Un deste roteiros é a "Ruta dos Muíños e das Idades da Historia" que vai até o lugar de Outeiro, parroquia de Fafián. Este lugar de Outeiro é unha aldea pintoresca con casas de pedra, seis hórreos e un entramado de camiños públicos, parte deles en terra e outra parte cimentados, que lle confiren singularidade a este núcleo no que tamén se atopan as ruínas dun vello casal con torreón, chamado a Tulla de Fafián.

Como aldea singular toda ela ten un grao de protección de Patrimonio que obriga a propietarios de inmobles a conservar a tipoloxía da zona e debería obrigar ás administracións públicas a conservar a rede de camiños públicos interna que dende sempre configurou este lugar.

Os elementos que fan que este lugar estea integramente afectado por patrimonio son os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. A Tulla de Outeiro, Fafián. De orixe medieval. Inicialmente debeu ser unha torre defensiva, pero non hai documentación ata o S. XVI. Segundo publicacións especializadas de Xenealoxía, aTulla foi residencia da fidalguía, en concreto de Rui Fernández Noguerol, Xuíz das Terras de Camba e Rodeiro e neto de Diego de Lemos señor de Sober Amarante e Ferreira, un dos 3 dirixentes irmandiños que comandaron as revoltas entre 1467 e 1469 xunto con Pedro Osorio e Alonso de Lanzós. No século XVIII pasa a ser punto de recadación de rendas e almacén de millo.

Consta dunha planta cadrada de perfecta sillería a modo de Torre. En dúas plantas con vanos de medio punto pareados. Actualmente atópase en estado de abandono e ruína o que significa un incumprimento do deber de conservación previsto no artigo 32 da lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia e tipificado como infracción grave.

A Tulla de Fafián consta en Patrimonio con propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como “en investigación”,

2. Casa de Mariano. De protección integral. Trátase dunha casona de labranza que data de 1520, con dous hórreos, un deles data de 1870. Desta mesma data a eira de mallar de cantería. Todos estes elementos están en perfecto estado de conservación.

3. Pombal circular asentado enriba dun gran penedo, perfecto estado de conservación.

4. Seis hórreos dos que 3 están catalogados por patrimonio, dous da casa do Mariano e o da casa do Moganga con elementos ornamentais nas columnas de pedra.

5. Finalmente atopamos, a escasos metros deste núcleo, a **Vila Romana de Porta de Arco**. Pese a ser unha referencia para calquera estudo, continua sendo a gran





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descoñecida. Escavada en 1972 descubríronse os máis importantes restos dunha vila romana na Galiza central: tégulas, cerámicas, vidros finísimos, bronces, bases de columnas, que forman parte dun material valiosísimo, actualmente no museo de Pontevedra.

Todos estes elementos están unidos pola **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia**, financiada con cartos públicos, perfectamente sinalada como sendeiro local, coas marcas branca e amarela e paneis informativos. Esta ruta, ao seu paso por Outeiro, vai por un camiño público perfectamente delimitado entre muros de pedra tradicionais pertencentes á Torre da Tulla e outra propiedade privada e dous vellos castiñeiros que lle confiren unha singularidade especial.

Actualmente esta zona atópase en proceso de concentración parcelaria, fase e segundo os planos expostos implica cambios que non están xustificadas desde o punto de vista da configuración deste núcleo e da veciñanza.

1. O camiño e roteiro **Ruta dos Muíños e das Idades da Historia** hoxe de carácter público, vai pasar a mans privadas. A veciñanza teme que ao pasar a mans privadas se peche, entorpeza as súas labores cotiás, inutilice un roteiro público e aumente o feísmo no lugar. As únicas propiedades que están en ruínas no lugar son as pertencentes a esta familia que aparte de non velar pola conservación das súas propiedades e do patrimonio cultural galego, fai actuacións pouco acordes coa protección dos bens catalogados como colocar aramadas arredor da Tulla.

Por outra banda, se temos en conta que a lei de solos de Galiza contempla entre as actuacións prohibidas dentro do solo de núcleo rural, entre outras, o derribo de muros tradicionais, os sendeiros e as parcelacións que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo, non se entende que este camiño e sendeiro pase a mans privadas.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Tulla de Fafián consta en Patrimonio como propiedade “privada, descoñecida” e no Catastro como propiedade en “investigación”. Na concentración parcelaria do Val de Camba outórgaselle a titularidade desta Tulla á Sra Lorenzana para o que sería imprescindible a achega da documentación acreditativa que xustifique tal propiedade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Cal é a razón pola que tódolos elementos de alto valor patrimonial descritos na parte expositiva desta iniciativa non figuran nos planos de concentración coma propiedade común, é dicir, pública?

. Cales son os motivos polos que nos planos de concentración parcelaria se outorga o camiño público coincidentes no lugar de Outeiro coa Ruta dos Muíños e das Idades da Historia, a mans privadas?

. É coñecedora a Xunta de que houbo un investimento público na Ruta dos pazos e as Idades da Historia que agora coa concentración parcelaria lle adxudican a unha propiedade privada?

. Que vai facer ao respecto?

. Solicitou o concello de Rodeiro a inclusión do núcleo rural de Outeiro, protexido por Patrimonio, como masa a incluír na concentración parcelaria Val de Camba?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as actuación previstas pola Xunta para promover a conservación e posta en valor dos bens catalogados do lugar de Outeiro : Tulla de Fafián e Vila Romana Porta de Arco?

. Dado que nos datos de Patrimonio e do Catastro figura a Tulla de Fafián como “propiedade privada, descoñecida” e “en investigación” respectivamente. Que documentación presentou a familia Lourenzana para xustificar a titularidade do citado ben?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/05/2022 10:09:51

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 10:09:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O centro de saúde de Oourol conta cunha única praza de médico asignado, pero dende pouquiño antes de Semana Santa deste ano, o profesional que ocupa esta praza atópase de baixa médica.

Dende o pasado 7 de abril os arredor de 1.000 veciños e veciñas de Oourol carecen dunha adecuada atención primaria. Esta mesma semana a veciñanza só contará con médico o martes e xoves, e os tres días restantes prestarase unicamente atención telefónica dende Lugo para baixas e receitas. Polo tanto, a maior parte da semana a veciñanza de Oourol carece de atención do seu médico de cabeceira.

Pero esta situación descrita non se limita a esta semana, senón que xa se vén dando dende principios do mes de abril, como así leva denunciando o seu alcalde, e que previsiblemente se estenda no tempo, xa que a baixa probablemente sexa longo e a resposta dada dende a Consellería de Sanidade ao alcalde é que non hai médicos e que irán cubrindo esta baixa día a día. Unha vez máis vemos como o Sergas só pon parches e ademais abdica responsabilidades, xa que se non hai médicos, algo terá que ver a súa nula planificación e previsión en política de persoal na atención primaria nos últimos 13 anos de goberno popular.

Esta situación dáse nun concello, o de Oourol, onde máis do 50 % da súa poboación son maiores de 65 anos, e nun concello rural, os cales están acostumbrados a que a Xunta de Galicia recorte constantemente servizos públicos, tan necesarios estes para poder fixar poboación.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Ten pensado a Xunta de Galicia cubrir a baixa do único médico co que conta o centro de saúde de Oourol? De ser o caso, que prazos manexan?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2022





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 12/05/2022 16:08:57

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2022 16:09:12

Marina Ortega Otero na data 12/05/2022 16:09:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 numerosos espazos, tanto naturais como instalacións acuáticas, non puideron abrir ao público pola imposibilidade de atopar persoal capacitado para prestar servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios, a pesar de existir inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza un número de persoas abondo para poder atender todos os espazos existentes en Galiza.

Ante tal situación a Xunta de Galiza decidiu regular novamente as condicións necesarias para o exercicio profesional das actividades de salvamento, socorrismo acuático e de primeiros auxilios nos espazos naturais e instalacións acuáticas de Galiza, o que realizou mediante o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, publicado no DOG núm.216 do 10 de novembro de 2021.

Aínda que facilitar a posibilidade de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas, sen que en modo algún poda implicar unha relaxación dos requirimentos e da capacitación profesional para prestar un servizo tan importante para a seguridade das usuarias dos espazos acuáticos de Galiza, pode contribuír a incrementar o número de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas aptas para a prestación do servizo; como queda acreditado coa relación entre inscritas no Rexistro e traballadoras contratadas, estou non é abondo para garantir a súa presenza nos espazos acuáticos de Galiza. Seguramente impedir a precarización das traballadoras, e a estabilidade e dignificación do traballo é o vieiro necesario para a cobertura do servizo nos diferentes espazos acuáticos de Galiza e que o mesmo sexa prestado nas condicións de seguridade e profesionalidade que a exige a protección das persoas usuarias.

Asemade a existencia de eventuais discrepancias entre a regulación actual e os requirimentos que en tempos anteriores posibilitaban o exercicio da actividade de socorrismo e salvamento acuático provocou inseguridade nas entidades contratantes deste servizo esencial para a apertura destes espazo de lecer e práctica deportiva, así como nos propios profesionais do sector.

E por iso a fin de clarexar a existencia dalgunha das disparidades que a vixente normativa xa está a producir, así como coñecer a efectiva resolución dos problemas que impediron que parte da cidadanía de Galiza non puidese desfrutar moitas das persoas dos espazos acuáticos de Galiza, o que tamén limita a oferta turística e de lecer de moitos lugares de Galiza, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Coñece a Xunta de Galiza se no ano 2021 algunhas instalacións acuáticas deixaron de abrir ao público, ou ampliar o seus horarios, na época de verán por non dispor de servizo de socorrismo e salvamento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o número de socorristas que, na tempada de verán, se precisa habitualmente en Galiza para o funcionamento en condicións de seguridade do espazos naturais e instalacións acuáticas existentes?

. Cal é o número de persoas inscritas nos rexistros profesionais de socorristas de Galiza?

. Que factores impiden a cobertura da totalidade das prazas necesarias para a apertura dos espazos acuáticos?

. A posesión do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas ao abeiro do disposto no real decreto 2048/1995 permite o exercicio actual da actividade profesional de socorrista e a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2022 11:49:33

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 11:49:40

Iria Carreira Pazos na data 19/05/2022 11:49:49



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Álvarez Martínez, deputado-portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Con data 9 de maio de 2022 preséntase escrito no Parlamento de Galicia da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias no que se solicita a retirada do documento con número de rexistro 34556 que se corresponde co proxecto de lei de áreas empresariais por un erro material.

Cal é o erro material que provocou a retirada do Proxecto de lei de áreas empresariais de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2022

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/05/2022 12:38:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalan frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ningún acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona.”

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

1ª:

. Segundo os datos da Xunta de Galiza, a que concello pertence a Illa da Creba?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son os límites entre o concello de Muros e o concello de Outes? Dende cando?.

. Considera o Goberno galego que os actos administrativos ditados por unha administración local diferente á do termo municipal ao que se adscribe a Illa da Creba son firmes e axustados a dereito? De ser así, en que se basea?

. Que información posúe a Xunta de Galiza sobre a propiedade da Illa da Creba?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 12:03:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/05/2022 12:03:58

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 12:04:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalan frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba á Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona.”

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Ten constancia o Goberno galego das actividades hosteleiras e/ou turísticas que se veñen desenvolvendo na Illa da Creba por parte de “A Creba Private Island”?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cumpren con toda a normativa esixida para o desenvolvemento desas actividades?

. Contan con licenza ditas actividades? Dende cando?

. Cónstalle que esas actividades teñan recibido algún tipo de axuda, aportación ou subvención pública?

. Ten coñecemento o Goberno galego das instalacións de xeración de enerxía eólica e fotovoltaica na Illa da Creba?

. Cónstalle a solicitude para as mesmas?

. Dispoñen de autorización? Dende cando?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza dalgún outro sistema de xeración ou subministración de enerxía eléctrica na Illa? Dispoñen de autorización? Dende cando?

. Cónstalle que as instalacións existentes de enerxía de calquera tipo teñan recibido algún tipo de axuda, aportación ou subvención pública?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 12:12:33

María do Carme González Iglesias na data 19/05/2022 12:12:36

Daniel Pérez López na data 19/05/2022 12:12:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2022 12:12:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Daniel Castro García e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba a Xunta a:

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona.”

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Ten coñecemento o Goberno galego da afección que causaron as obras que se veñen levando a cabo nos últimos anos na Illa da Creba nos recursos marisqueiros da zona?

. Ten realizado informes ao respecto? De ser así, cales son os resultados e as conclusións dos mesmos?

. Cantos permisos de marisqueo existían para a extracción de navalla nos anos 90? Cantos existen na actualidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos permisos de marisqueo existían para a extracción de ameixa nos anos 90?
Cantos existen na actualidade?

. Que cantidade de navalla e de ameixa babosa se extraía nos bancos marisqueiros
da zona nos anos 90? Canta se extrae na actualidade?

. Cal é a situación legal do dique de abrigo da Illa, construído para unha explotación
acuícola que nunca se puxo en funcionamento?

. Quen é o titular do pantalán a frote, utilizado para o atraque de embarcacións?
Quen o autorizou e cando?

. Existe algún tipo de control por parte da Xunta de Galiza, nomeadamente polo
Ente Público Portos de Galiza, sobre estas instalacións?

. Ten coñecemento de que se cumprise a sentenza da Audiencia Nacional, do 5 de
abril de 2002, desestimando o recurso contencioso administrativo (649/1999) interposto
contra a Orde Ministerial do 13 de maio de 1999, denegatoria da solicitude de concesión de
1.870 metros cadrados de dominio público para a legalización do peirao construído na Illa
da Creba nos anos 90?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Daniel Castro García

Carme González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 12:07:40

Daniel Castro García na data 19/05/2022 12:07:50

María do Carme González Iglesias na data 19/05/2022 12:07:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como “A Creba, Private Island”, e nas mesmas figura como unha “exclusiva vila de luxo atlántica”. É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas “poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba”. No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como “espazo natural protexido” no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como “clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales”, continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba á Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- “Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluíla na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona”.

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o Goberno galego que é deber das administracións públicas actuar con todos os seus medios para reverter os bens públicos privatizados á titularidade pública?

-Emprendeu a Xunta de Galiza algunha acción para tratar de recuperar o uso e a titularidade pública da Illa da Creba? De ser así, cales?

-Que actuacións levou a cabo para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento Galego do 19 de setembro de 2007?

-Ten coñecemento das obras e actividades que se levaron a cabo nos últimos anos na Illa da Creba? E das que se están a levar a cabo na actualidade? Ten constancia de que todas elas se realizaron e se están a realizar coas autorización e permisos obrigatorios? Ten constancia da existencia dalgún incumprimento legal? Ten avaliado se supoñen algún tipo de impacto ambiental e/ou paisaxístico? Está disposta a realizar de inmediato un informe sobre as mesmas?

-É coñecedora a Xunta de Galiza da existencia de canalizacións dende terra para a subministración de auga potábel á Illa e de como se está a solventar o servizo de saneamento na mesma? Cumplen estes servizos con todos os requisitos legais esixíbeis? Está a levar a Administración algún tipo de control a este respecto, sobre todo no referido ás augas residuais?

-Ten coñecemento de que se cumprise a sentenza da Audiencia Nacional, do 5 de abril de 2002, desestimando o recurso contencioso administrativo (649/1999) interposto contra a Orde Ministerial do 13 de maio de 1999, denegatoria da solicitude de concesión de 1.870 metros cadrados de dominio público para a legalización do peirao construído na Illa da Creba nos anos 90?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que clasificación urbanística e medioambiental ten na actualidade a Illa da Creba? Seguen vixentes as figuras de “espazo natural protexido” e “solo non urbanizábel de Protección de Especies Naturais”? De non ser así, por que razón? De ser así, que implican na práctica esas dúas figuras? Que control se realiza sobre o cumprimento ou non das limitacións que establecen? Quen o leva a cabo?

-Está disposta a Xunta de Galiza a iniciar, ou retomar se é o caso, as accións necesarias para asumir a titularidade, hoxe en mans privadas, da Illa da Creba? De ser así, en que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/05/2022 15:52:23

Alexandra Fernández Gómez na data 19/05/2022 15:52:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 19/05/2022 15:52:33



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A veciñanza do núcleo urbano de Meicende na parroquia de Pastoriza en Arteixo, un dos núcleos máis poboados deste concello, levan anos reivindicando a posta a disposición dalgún médico en quenda de tarde no seu centro médico para darlle cobertura as múltiples traballadoras e traballadores que teñen problemas para acudir ao médico en horario de mañá por motivos laborais.

Ademais desa reivindicación histórica da veciñanza de Meicende que non semella preocuparlle á Consellería de Sanidade, nos primeiros meses do verán 2020, observamos como se eliminaba o servizo de pediatría do consultorio do dito núcleo urbano, derivando os seus usuarios ao Centro de Saúde de Vilarrodís do mesmo concello, algo que posteriormente foi modificado pola denuncia feita pública polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no concello de Arteixo que fixo que se repuxese o servizo de pediatría algúns días á semana, compartindo o dito servizo co Centro de Saúde de Vilarrodís.

Dende a posta en marcha do Centro de Saúde de Vilarrodís, moitos dos usuarios do consultorio de Meicende e do Centro Médico de Arteixo foron derivados a este novo centro de saúde e coa súa apertura non se produciron incrementos nos servizos que a Consellería de Sanidade daba aos usuarios no dito concello, facendo unha simple recolocación de médicos de familia, especialistas e persoal sanitario ao novo centro.

A cidadanía da parroquia de Pastoriza e máis en concreto do núcleo de Meicende segue a insistir na presenza dalgún dos seus médicos en quenda de tarde e está moi preocupada pola posible perda do servizo de pediatría no seu consultorio e ten medo a que a Consellería de Sanidade desexe baleirar de servizos o consultorio derivando aos seus pacientes cara ao Centro de Saúde de Vilarrodís.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Consellería de Sanidade recuperar o servizo de Pediatría diario no consultorio de Meicende?



2º) Está estudando a Consellería de Sanidade a introdución dalgún médico en quenda de tarde no dito consultorio?

3ª) Pode comprometerse o Goberno galego a manter a apertura do dito consultorio e mellorar os servizos ofertados nel?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 19/05/2022 16:29:08

Julio Torrado Quintela na data 19/05/2022 16:29:22

Marina Ortega Otero na data 19/05/2022 16:29:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (METAGA) nace, segundo reza na definición da mesma lei para buscar un xeito de mellorar as explotacións económica e tecnicamente para un desenvolvemento máis racional da agricultura.

Entre outras finalidades destaca a pretensión de conseguir un máximo aproveitamento agrario da zona e non soamente un menor número de parcelas pasando así a segundo termo o índice de redución e primando a viabilidade das explotacións. Para este fin a METAGA acentúa a importancia do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos.

A realidade amósanos que esta medida que debера ser a guía e veo sobre o que xirase todo o proceso é na realidade unha opción menor que algúns técnicos teñen en conta... non lle ven utilidade e non lles resulta cómoda.

A data de hoxe e dentro desa sucesión de malas novas para o abastecemento de insumos tanto para a poboación coma para a gandería xorde estes días a suspensión de exportación de trigo do segundo exportador mundial, India, polo que o futuro e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carestía está asegurada segundo din os expertos, entre eles a FAO de recoñecido prestixio e solvencia. Disque 47 millóns de seres humanos sumaranse este ano á bolsa dos que pasan fame no mundo.

A brutal suba de prezos dos cereais e as dificultades no subministro debido á dependencia externa do noso país (Galicia) aconsellarían unha posta en cultivo da terra agraria cun mínimo de vocación cerealista.

A realidade amósanos que unha boa parte dos procesos de concentración parcelaria finalizados ultimamente están sendo plantados a eucalipto ignorando estas necesidades (claro que o goberno galego nada fai por promocionar o seu cultivo) e vulnerando esa “moratoria” que xa no seu momento en vez de inhibir o que fixo foi incentivar a plantación desta especie.

Supoñemos que unha vez máis estes feitos ilegais e irracionais non son corrixidos de oficio e o goberno non sendo consciente (o seu equivalente é inconsciente) desta dupla ilegalidade, non ten prevista ningunha medida para evitar que o custoso investimento público nos procesos de reestruturación da propiedade, no sexa dilapidado para outros fins.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- É consciente o goberno galego de que se están facendo plantacións forestais con eucalipto en zonas de recente finalización de procesos de concentración parcelaria, en terra de vocación agrícola, vulnerando a legalidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten a Consellería feito algunha valoración en número de hectáreas e valor agrícola delas, plantadas ilegalmente logo da Moratoria?

- Que accións de reposición da legalidade e cantas hectáreas afectadas por esta medida leva feito a Consellería de Medio Rural no último ano?

- Cal é a valoración que fai a Consellería da importancia e uso efectivo do chamado Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria ou o Plan de cultivos ?

- Ten pensada algunha medida de promoción e cultivo de cereais e forraxes, en especial os proteaxinosos nas terras de vocación agrícola nomeadamente nas concentracións parcelarias en proceso de finalización?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/05/2022 16:41:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 19/05/2022 16:41:19

María del Carmen Aira Díaz na data 19/05/2022 16:41:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos do IGE poñen de manifesto o diferente comportamento que presenta o uso do galego ao longo das diferentes comarcas galegas.

Os datos que ofrece ao longo do último lustro analizado o IGE (2013-2018) presentan comarcas con dinámicas sociolingüísticas diverxentes.

Así, por exemplo, mentres áreas como Arzúa, Melide, Ordes, Costa da Morte ou Barbanza-Noia presentan unha maior consolidación no uso, achegándose no último caso a un 12%, mesmo entre a mocidade, outras como Vigo, Ourense, Santiago ou O Carballiño-O Ribeiro presentan un decrecemento que chega até o -10,9%.

Con todo, estes datos locais non anulan os preocupantes valores da tendencia xeral que seguen a comprometer a vitalidade da lingua galega. Sirva como exemplo o recente estudo sociolingüístico da RAG sobre o concello de Ames que confirma o avance dunha progresiva e acentuada substitución lingüística que, ademais, pode ser un reflexo doutras moitas fotografías da nosa lingua nos ámbitos periurbanos que adoitan concentrar maiormente a poboación galega nos últimos anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, a xuízo dos especialistas en sociolingüística, conclúe que ao cabo dunha ou dúas xeracións o uso habitual do galego pode desaparecer.

Unha situación reforzada pola cativa presenza do galego na escola e mais nos ámbitos de lecer e socialización da infancia e mocidade que transmite o papel hexemónico do castelán fronte a invisibilidade do galego.

Desta análise conclúese que é determinante e urxente elaborar un plan de normalización lingüística que permita actuar de forma local coas ferramentas adecuadas a cada contorna sociolingüística, con obxectivos concretos para cada área e onde se implique o conxunto da comunidade fortalecendo a rede de apego á lingua.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que medidas está a pór en andamento a Xunta para activar unha política territorializada de recuperación da igualdade lingüística para o galego atendendo ás diferentes áreas sociolingüísticas de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/05/2022 17:04:54

Daniel Castro García na data 19/05/2022 17:04:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/05/2022 17:05:07



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na data do 19 de maio de 2022, a Consellería de Facenda e Administracións Públicas acaba de achegarnos as modificacións orzamentarias correspondentes aos meses de decembro de 2021 e xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2022, polo que formulamos as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns polas que esta documentación é remitida con tanto retraso?

2ª) Considera o Goberno galego que este xeito de proceder favorece a transparencia e bo goberno recollida nas leis?

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/05/2022 17:15:56

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/05/2022 17:16:11





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Carme González Iglesias e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre os patrocinios publicitarios de promoción do Xacobeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dentro do innegábel potencial que atesoura Galiza dende o punto de vista turístico, o Camiño de Santiago e o Xacobeo constitúen sendos produtos de primeiro nivel, cun peso específico moi importante no desenvolvemento económico do tecido empresarial galego que se move dentro das coordenadas do sector turístico.

Esta afirmación, que non fai senón constatar unha realidade, non empece que dende o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego levemos anos insistindo en que é imprescindible mudar o modelo turístico galego.

Pero para mudar ese modelo é necesario que dende a Xunta de Galiza se aposte, en serio, por unha necesaria diversificación da oferta, que amose todas aquelas zonas do país con potencial turístico.

Aposte tamén por acadar que o turismo se conciba como unha actividade transversal, o que esixiría que as actuacións no territorio, as ferramentas de ordenación urbanística, a defensa e protección da paisaxe ou mesmo as políticas de reactivación económica deben levarse a cabo dándolle un papel principal á actividade turística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transversalidade que precisaría que o goberno galego asumise todas as competencias posíbeis en canto a conectividade terrestre, marítima e aérea.

Ademais do anterior, outro dos obxectivos do novo modelo turístico que defendemos sería acadar a sustentabilidade real do mesmo, que esixe que a actividade turística respecte a integridade da nosa cultura, os procesos ecolóxicos esenciais e a diversidade biolóxica.

Un cambio de paradigma que non suporía renunciar a dous valores turísticos como é o Camiño de Santiago e o Xacobeo, senón que aínda os reforzaría. Pero xa no marco nun novo modelo que non agoche o resto das inmensas potencialidades turísticas da Galiza.

Só así o Xacobeo se converterá nunha auténtica panca de desenvolvemento económico, cultural, social e territorial do noso país.

Un novo modelo que, tamén hai que dicilo, desterre a instrumentalización política que se fai do Xacobeo.

O paradigma desa instrumentalización atopámolo na recente adxudicación por parte da Axencia de Turismo de Galiza de varios contratos privados de patrocinio publicitario para promocionar o Ano Xacobeo 2021-2022.

O investimento en promoción é imprescindible para acadar o obxectivo de que Galiza se converta nun destino turístico consolidado, pero o censurábel é empregar importantes cantidades de diñeiro público coa finalidade de facer proselitismo político.

Ao tempo que se conculca a Lei de Normalización Lingüística da Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lei que no seu artigo 19 establece que o Goberno galego “prestará apoio económico e material aos medios de comunicación non incluídos no artigo anterior (artigo 18, sobre os medios de titularidade pública) que empreguen o galego dunha forma habitual e progresiva”.

A través deses contratos privados de patrocinio, a Axencia de Turismo de Galiza contratou publicidade maiormente en medios nos que o problema xa non é que o uso da lingua galega sexa testimonial (que tamén), senón que se trata de medios que habitualmente, e cun sesgo claramente político, deturpan o galego.

Co que dificilmente se pode entender que o Xacobeo se está a empregar co obxectivo de fomentar o desenvolvemento cultural e social do noso país, fixado no Plan Estratéxico do Xacobeo.

Todo isto ao tempo, ademais, que a Xunta de Galiza exclúe da liña de axudas á prensa escrita a medios que empregan o galego de xeito habitual (ou mesmo masivo).

Outro exemplo da instrumentalización política á que nos referimos son as recentes declaracións do novo Presidente da Xunta realizadas ao albur da visita privada do rei emérito (personaxe de dubidosa catadura moral, baixo sospeita constante de casos de corrupción pendentes de explicación pública e cunha causa civil aberta no reino Unido e derivada dunha demanda de acoso) a Sanxenxo.

O señor Rueda non dubidou en cualificar esa visita de “magnífica noticia”, que suporá, nas súas palabras, un reclamo non só para Sanxenxo, senón para Galiza dende o punto de vista do turismo, da afluencia e de poñernos no mapa”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Declaracións que non compartimos en absoluto e que constatan, máis unha vez, a instrumentalización política e concepción deturpada que o Partido Popular e o goberno galego ten do turismo. Declaracións desafortunadas que fraco favor lle fan ao sector.

A actividade turística esixe e merece un goberno que a potencie e promocióne dende parámetros de calidade, profesionalización, diversificación, sustentabilidade e transversalidade.

Escapando, en resumo, da concepción partidista e minorada que o goberno galego ten do sector, que lastra o seu innegábel potencial e a súa proxección como destino consolidado non só a nivel estatal, senón tamén internacional.

Só así a Xunta de Galiza acreditaría realmente no turismo como unha verdadeira panca de desenvolvemento económico para o país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Considera o goberno galego necesario mudar o actual modelo turístico?

Considera necesaria unha diversificación da oferta turística?

Considera necesario o goberno galego que o turismo se convirta nunha actividade transversal?

Considera necesario que se asuman todas as competencias posíbeis en canto a conectividade terrestre, marítima e aérea para acadar que Galiza se convirta nun destino turístico consolidado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o actual modelo turístico como sustentábel?

Que valoración fan da recente adxudicación por parte da Axencia de Turismo de Galiza de varios contratos privados de patrocinio publicitario para promocionar o Ano Xacobeo 2021-2022 a medios de comunicación que deturpan a nosa toponimia?

Cal é a razón pola que a Xunta de Galiza exclúe da liña de axudas á prensa escrita a medios que empregan o galego de xeito habitual?

Considera o goberno galego como unha “magnífica noticia” a recente visita do rei emérito a Sanxenxo?

Considera que esa visita do rei emérito suporá un reclamo non só para Sanxenxo, senón para Galiza dende o punto de vista do turismo, da afluencia e de poñernos no mapa?

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 19/05/2022 18:23:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/05/2022 18:23:16

María do Carme González Iglesias na data 19/05/2022 18:23:45





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

